XUNTA DE GALICIA

PLAN DE EMERXENCIA EXTERIOR

A GRELA - BENS

A CORUÑA - ARTEIXO



Abril 2025

XUNTA DE GALICIA

HISTORIAL DE REVISIÓNS

REVISIÓN/ACTUALIZACIÓN	DATA	PUBLICACIÓN	CONCEPTO
01 Plan de Emerxencia Exterior A Grela - Bens	01/06/1995	DOGA (nº 113, 14/06/1995)	Aprobación do PEE (Orde 1 de xuño de 1995)
02 Plan de Emerxencia Exterior A Grela - Bens	23/04/2004	DOGA (nº 87, 06/05/2004)	Aprobación da actualización e revisión do PEE (Decreto 85/2004, do 23 de abril)
03 Plan de Emerxencia Exterior A Grela - Bens	17/03/2011	DOGA (nº 63, 30/03/2011)	Aprobación da actualización e revisión do PEE (Decreto 49/2011, do 17 de marzo)
04 Plan de Emerxencia Exterior A Grela - Bens	07/07/2016	DOGA (nº 140, 26/07/2016)	Aprobación da actualización e revisión do PEE (Decreto 88/2016, do 7 de xullo)
05 Plan de Emerxencia Exterior A Grela - Bens	29/12/2021	DOGA (nº 11, 18/01/2022)	Aprobación da actualización e revisión do PEE (Decreto 174/2021, de 29 de decembro)
06 Plan de Emerxencia Exterior A Grela - Bens	*Pendente*	*Pendente*	

1. OBXECTO E ALCANCE DO PLAN 6
1.1. OBXECTO 6
1.2. ALCANCE 7
1.3. MARCO LEGAL E DOCUMENTAL 8
1.3.1. MARCO LEGAL BÁSICO 8
1.3.2. REFERENCIAS DOCUMENTAIS DE BASE 10
2. DESCRICIÓN DE INSTALACIÓNS E ENTORNO 11
2.1. DESCRICIÓN DAS INSTALACIÓNS 11
2.1.1. EXOLUM CORPORATION, S.A. 11
2.1.2. REPSOL BUTANO, S.A. 21
2.1.3. COMPLEXO INDUSTRIAL DE REPSOL PETRÓLEO, S.A. 32
2.2. ENTORNO DAS INSTALACIÓNS 46
2.2.1. LOCALIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS 47
2.2.2. ÁMBITO XEOGRÁFICO 51
2.2.3. CONTORNA NATURAL, HISTÓRICA E CULTURAL 58
2.2.4. CONTORNA INDUSTRIAL 61
2.2.5. REDE VIARIA 62
2.2.6. REDE DE ASISTENCIA SANITARIA 63
2.2.7. REDE DE SANEAMENTO 66
2.2.8. INSTALACIÓNS SINGULARES 67
3. BASES E CRITERIOS 68
3.1. IDENTIFICACIÓN DO RISCO 68
3.1.1. RISCOS ASOCIADOS AOS PRODUTOS 68
3.1.2. RISCOS ASOCIADOS ÁS INSTALACIÓNS 74
3.1.3. HIPÓTESES ACCIDENTAIS CONSIDERADAS 74
3.2. CONSIDERACIÓNS XERAIS EN RELACIÓN Á DEFINICIÓN DOS FENÓMENOS PERIGOSOS 75
3.2.1. FUGAS DE LÍQUIDOS 75
3.2.2. EVAPORACIÓN DE LÍQUIDOS DERRAMADOS 76
3.2.3. INCENDIOS 76
3.2.4. EXPLOSIÓNS 78
3.2.5. DISPERSIÓNS TÓXICAS 80
3.2.6. EFECTOS MEDIOAMBIENTAIS DOS ACCIDENTES ESTUDADOS 80
3.3. ANÁLISE DE CONSECUENCIAS. MODELOS DE CÁLCULO 82
3.3.1. CRITERIOS XERAIS DE CÁLCULO 82
3.3.2. MODELOS DE CÁLCULO 85
3.4. DEFINICIÓN DE ZONAS OBXECTO DE PLANIFICACIÓN 86
3.4.1. CRITERIOS DE PLANIFICACIÓN 86
3.4.2. DELIMITACIÓN DAS ZONAS 88
3.5. ESTUDO DE VULNERABILIDADE 95
3.5.1. DANOS ÁS PERSONAS 95
3.5.2. DANOS AO MEDIO AMBIENTE 105

3.5.3. DANOS AOS BENS 111
4. DEFINICIÓN E PLANIFICACIÓN DAS MEDIDAS DE PROTECCIÓN 112
4.1. MEDIDAS DE PROTECCIÓN Á POBOACIÓN 112
4.1.1. AVISOS Á POBOACIÓN 112
4.1.2. CONFINAMENTO 116
4.1.3. AFASTAMENTO 116
4.1.4. EVACUACIÓN 117
4.1.5. MEDIDAS A ADOPTAR EN FUNCIÓN DO TIPO DE ACCIDENTE 117
4.1.6. MEDIDAS DE AUTOPROTECCIÓN PERSOAL 119
4.2. MEDIDAS DE PROTECCIÓN AO MEDIO AMBIENTE 119
5. ESTRUTURA E ORGANIZACIÓN 121
5.1. ESQUEMA ORGANIZATIVO 121
5.2. DIRECCIÓN DO PLAN 121
5.3. COMITÉ ASESOR 122
5.4. CENTROS DE COORDINACIÓN 123
5.4.1. CECOP (Centro de Coordinación Operativa) 123
5.4.2. CECOPAL (Centro de Coordinación Operativa Municipal) 124
5.4.3. SACOP (Sala de Control de Operacións) 124
5.4.4. CETRA (Centro de Transmisións) 124
5.5. POSTO DE MANDO AVANZADO 125
5.6. GABINETE DE INFORMACIÓN 125
5.7. GRUPOS OPERATIVOS 126
5.7.1. GRUPO DE INTERVENCIÓN 127
5.7.2. GRUPO DE SEGUIMENTO E AVALIACIÓN 127
5.7.3. GRUPO SANITARIO 128
5.7.4. GRUPO LOXÍSTICO E DE SEGURIDADE 129
5.8. ESTRUTURA E ORGANIZACIÓN DOUTRAS ENTIDADES 131
5.8.1. PLAN DE EMERXENCIA INTERIOR DAS INSTALACIÓNS 131
5.8.2. PLAN DE ACTUACIÓN MUNICIPAL (PAM) 131
5.8.3. OUTROS PLANS 132
6. OPERATIVIDADE DO PLAN 133
6.1. CRITERIOS E CANLES DE NOTIFICACIÓN 133
6.2. CRITERIOS DE ACTIVACIÓN DO PEE 133
6.3. PROCEDEMENTOS DE ACTUACIÓN DO PEE 136
6.3.1. ALERTA DO PERSONAL ADSCRITO AO PEE 136
6.3.2. ACTUACIÓNS NOS PRIMEIROS MOMENTOS DA EMERXENCIA 136
6.3.3. ACTUACIÓNS DOS GRUPOS OPERATIVOS 137
6.3.4. COORDINACIÓN DE GRUPOS OPERATIVOS. POSTO DE MANDO AVANZADO 137
6.3.5. SEGUIMENTO DO DESENVOLVEMENTO DO SUCESO. FIN DA EMERXENCIA 137
6.4. INFORMACIÓN Á POBOACIÓN DURANTE A EMERXENCIA 138
7. CATÁLOGO DE MEDIOS E RECURSOS 139

8. IMPLANTACIÓN E MANTEMENTO 140
8.1. IMPLANTACIÓN 140
8.1.1. DIVULGACIÓN DO PLAN 141
8.1.2. FORMACIÓN E ADESTRAMENTO DOS INTEGRANTES DOS GRUPOS OPERATIVOS 141
8.2. MANTEMENTO 141
8.2.1. COMPROBACIÓNS PERIÓDICAS DOS EQUIPOS 142
8.2.2. EXERCICIOS DE ADESTRAMENTO E SIMULACROS 142
8.3. REVISIÓNS DO PEE E PROCEDEMENTOS DE DISTRIBUCIÓN. AVALIACIÓN DA EFICACIA 142
8.3.1. REVISIÓNS, ACTUALIZACIÓNS E DISTRIBUCIÓN DO PEE 142
8.3.2. AVALIACIÓN DA EFICACIA 143
8.4. FINANCIAMENTO 143

ANEXOS:

ANEXO 1.- Cartografía
ANEXO 2.- Zonas de planificación
ANEXO 3.- Fichas de seguridade
ANEXO 4.- Información meteorolóxica
ANEXO.5.- Información para a activación do pan
ANEXO 6.- Directorio telefónico
ANEXO 7.- Plan de transmisións
ANEXO 8.- Catálogo de medios e recursos
ANEXO 9.- Información á poboación
ANEXO 10.- Rede de saneamento

1. OBXECTO E ALCANCE DO PLAN

1.1. OBXECTO

O Real Decreto 840/2015, de 21 de setembro, polo que se aproban medidas de control dos riscos inherentes aos accidentes graves nos que interveñan substancias perigosas, establece no seu art. 13 que para aquelas empresas afectadas polo mesmo no seu nivel superior, os órganos competentes das Comunidades Autónomas elaborarán, coa colaboración dos industriais, un **Plan de Emerxencia Exterior** para previr e no seu caso, mitigar, as consecuencias de posibles accidentes graves previamente analizados, clasificados e avaliados, no que se establezan as medidas de protección máis idóneas, os recursos humanos e materiais necesarios e o esquema de coordinación de autoridades, órganos e servizos chamados a intervir.

Por outra parte, a Directriz Básica de Protección Civil para o control e planificación ante o risco de accidentes graves nos que interveñen substancias perigosas, aprobada polo Real Decreto 1196/2003 de 19 de setembro, especifica, no seu art. 7, que os Plans de Emerxencia Exterior elaborados polas Comunidades Autónomas terán as seguintes funcións básicas:

a. Determinar as zonas de intervención e alerta.
b. Prever a estrutura organizativa e os procedementos de intervención para as situacións de emerxencia por accidentes graves.
c. Prever os procedementos de coordinación co plan estatal para garantir a súa adecuada integración.
d. Establecer os sistemas de articulación coas organizacións das Administracións Municipais e definir os criterios para a elaboración dos plans de actuación municipal de aquelas.
e. Especificar os procedementos de información á poboación sobre as medidas de seguridade que deban tomarse e sobre o comportamento a adoptar en caso de accidente.
f. Catalogar os medios e recursos específicos a disposición das actuacións previstas.
g. Garantir a implantación e mantemento do plan.

O polígono industrial de A Grela-Bens alberga, entre outras, as instalacións de Exolum Corporation, S.A., Repsol Butano, S.A. e o Complexo Industrial Repsol Petróleo, S.A., todas elas afectadas polas disposicións do Real Decreto 840/2015 anteriormente mencionado.

Neste sentido, e tal e como establece o art. 7.c. do Decreto 37/2019, do 21 de marzo, polo que se determinan os órganos competentes e outras medidas para o control dos riscos inherentes aos accidentes graves nos cales interveñan substancias perigosas é competencia da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior (Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes) elaborar e revisar periodicamente o correspondente PEE das citadas instalacións.

O presente Plan de Emerxencia Exterior, na súa estrutura, axústase ao indicado no art. 7 da Directriz Básica de Protección Civil para o control e planificación ante o risco de accidentes graves nos que interveñen substancias perigosas.

1.2. ALCANCE

En base ao indicado no citado Real Decreto 1196/2003, de 19 de setembro, polo que se aproba a Directriz Básica de Protección Civil para o control e planificación ante o risco de accidentes graves nos que interveñan substancias perigosas, unicamente os accidentes de categorías* 2 e 3 motivarán a posta en marcha deste PEE, limitándose as autoridades a actuar como informador á poboación en caso de accidente de categoría 1.

(*) Definición das categorías de emerxencia segundo a Directriz Básica:

Categoría 1: *aqueles para os que se prevexa, como única consecuencia, danos materiais no establecemento accidentado e non se prevexan danos de ningún tipo no exterior deste.*

Categoría 2: *aqueles para os que se prevexa, como consecuencias, posibles vítimas e danos materiais no establecemento, mentres que as repercusións exteriores limítanse a danos leves ou efectos adversos sobre o medio ambiente en zonas limitadas.*

Categoría 3: *aqueles para os que se prevexa, como consecuencias, posibles vítimas e danos materiais graves ou alteracións graves do medio ambiente en zonas extensas e no exterior do establecemento.*

1.3. MARCO LEGAL E DOCUMENTAL

1.3.1. MARCO LEGAL BÁSICO

NORMATIVA COMUNITARIA

- Directiva 2003/105/CE do Parlamento Europeo e do Consello de 16 de decembro de 2003 pola que se modifica a Directiva 96/82/CE do Consello relativa ao control dos riscos inherentes aos accidentes graves nos que interveñan substancias perigosas.
- Directiva 2012/18/UE do Parlamento Europeo e do Consello de 4 de xullo de 2012 relativa ao control dos riscos inherentes aos accidentes graves nos que interveñan substancias perigosas e pola que se modifica e ulteriormente se derroga a Directiva 96/82/CE.

NORMATIVA ESTATAL

- Lei 17/2015, de 9 de xullo, do Sistema Nacional de Protección Civil.
- Real Decreto 1196/2003, de 19 de setembro, polo que se aproba a Directriz Básica de Protección Civil para o control e planificación ante o risco de accidentes graves nos que interveñen substancias perigosas.
- Real Decreto 393/2007, de 23 de marzo, polo que se aproba a Norma Básica de Autoprotección dos centros, establecementos e dependencias dedicados a actividades que poidan dar orixe a situacións de emerxencia.
- Real Decreto 1468/2008, de 5 de setembro, polo que se modifica o RD 393/2007, de 23 de marzo, polo que se aproba a Norma Básica de Autoprotección dos centros, establecementos e dependencias dedicados a actividades que poidan dar orixe a situacións de emerxencia.
- Real Decreto 32/2009, de 16 de xaneiro, polo que se aproba o Protocolo nacional de actuación Médico-forense e de Policía Científica en sucesos con vítimas múltiples.
- Protocolo de actuación xudicial en supuestos de grandes catástrofes. Aprobado polo Pleno do Consejo General del Poder Judicial na súa reunión do día 23 de novembro de 2011 (Acuerdo núm. 24).

- Real Decreto 1097/2011, de 22 de xullo, polo que se aproba o Protocolo de Intervención da Unidade Militar de Emerxencias.
- Real Decreto 1070/2012, de 13 de xullo, polo que se aproba o Plan estatal de Protección Civil ante o risco químico.
- Real Decreto 840/2015, de 21 de setembro, polo que se aproban medidas de control dos riscos inherentes aos accidentes graves nos que interveñan substancias perigosas.
- Real decreto 734/2019, de 20 de decembro, polo que se modifican as directrices básicas de planificación de protección civil e plans estatais de protección civil para a mellora da atención das persoas con discapacidade e a outros colectivos en situación de especial vulnerabilidade ante emerxencias
- Real Decreto 524/2023, de 20 de xuño, polo que se aproba a Norma Básica de Protección Civil.

NORMATIVA AUTONÓMICA

- Lei 5/2007, de 7 de maio, de emerxencias de Galicia.
- Decreto 56/2000, de 3 de marzo, polo que se regula a planificación, as medidas de coordinación e a actuación de voluntarios, agrupacións de voluntarios e entidades colaboradoras en materia de protección civil de Galicia.
- Decreto 277/2000, de 9 de novembro, polo que se designan os órganos autonómicos competentes en materia de control de riscos inherentes aos accidentes graves nos que interveñan substancias perigosas.
- Decreto 109/2004, de 27 de maio, de modificación do Decreto 56/2000, de 3 de marzo, polo que se regula a planificación, as medidas de coordinación e a actuación de voluntarios, agrupacións de voluntarios e entidades colaboradoras en materia de protección civil de Galicia.
- Decreto 223/2007, de 5 de decembro, polo que se aproba o estatuto da Axencia Galega de Emerxencias.
- Decreto 37/2019, do 21 de marzo, polo que se determinan os órganos competentes e outras medidas para o control dos riscos inherentes aos accidentes graves nos cales interveñan substancias perigosas.

- Decreto 172/2022, de 6 de outubro, polo que se aproba o Catálogo de actividades que deben adoptar medidas de autoprotección e polo que se fixa o contido desas medidas.
- Resolución de 2 agosto de 2010 pola que se publica o Plan Territorial de Emerxencias de Galicia (PLATERGA)

1.3.2. REFERENCIAS DOCUMENTAIS DE BASE

EXOLUM CORPORATION, S.A.

- Notificación Obrigatoria. Rev. 3.0, Abril 2021.
- Informe de Seguridade, que inclúe:
  - Información Básica para a Administración (IBA). Rev. 3.0, Abril 2021.
  - Análise do Risco (AR). Rev. 3.0, Abril 2021.
- Plan de Emerxencia Interior. Rev. 11.0, Xuño 2024.

REPSOL BUTANO, S.A.

- Notificación Obrigatoria. Decembro 2024.
- Informe de Seguridade, que inclúe:
  - Información Básica para a Administración (IBA). Rev. 2.1, Outubro 2023.
  - Análise do Risco (AR). Rev. 2.1, Outubro 2023.
- Plan de Emerxencia Interior. Rev. 9.0, Agosto 2023.

COMPLEXO INDUSTRIAL REPSOL PETRÓLEO, S.A.

- Notificación Obrigatoria. Novembro 2022.
- Informe de seguridade, que inclúe:
  - Información Básica para a Administración (IBA). Rev. 1.0, Novembro 2022.
  - Análise do Risco (AR). Rev. 2.2, Xuño 2022.
- Plan de Emerxencia Interior. Rev. 15.0, Novembro 2022.

2. DESCRICIÓN DE INSTALACIÓNS E ENTORNO

2.1. DESCRICIÓN DAS INSTALACIÓNS

Nos apartados seguintes recóllese a descrición de cada unha das instalacións incluídas no presente Plan de Emerxencia Exterior, coa finalidade de comprender e contextualizar tanto a posterior descrición das hipóteses accidentais que poden dar lugar a accidentes graves como o alcance das mesmas.

2.1.1. EXOLUM CORPORATION, S.A.

2.1.1.1. IDENTIFICACIÓN E DATOS XERAIS

Razón social/Dirección do establecemento industrial

Razón Social	EXOLUM CORPORATION, S.A.
Dirección	polígono Industrial de A Grela Bens Avda. Finisterre, s/n
Código Postal	15.008
Localidade	A Coruña
Teléfono	981 148 688
Fax	981 272 749
Actividade industrial	Código CNAE (2009): 52.10 Depósito e almacenamento

2.1.1.2. DESCRICIÓN DE INSTALACIÓNS E PROCESOS

As instalacións de Exolum Corporation, S.A. (en adiante Exolum) están constituídas polas seguintes áreas e zonas funcionais:

- Áreas asociadas á actividade principal

  Ocupan a maior parte da superficie do establecemento. Abarcan os cubetos de tanques de almacenamento de combustibles e aditivos, as estacións de bombeo e as tubaxes asociadas e os cargadoiros de camións cisterna.

- Áreas de servicios auxiliares asociadas á actividade principal

  Engloba os edificios de almacenamento de materiais, equipos, documentación, etc., así como a planta de tratamento de augas hidrocarburadas e o sistema de abastecemento de auga á rede de protección contra incendios.

- Áreas de servicios de persoal

  Constituídas fundamentalmente polo edificio de oficinas e a sala de control.

Na seguinte imaxe, móstrase o plano das instalacións de Exolum no polígono Industrial de A Grela-Bens:



Figura 1. Plano Instalacións Exolum

A actividade principal que se leva a cabo nas instalacións é a recepción, almacenamento, trasfega e expedición de combustibles líquidos derivados do petróleo.

1. Recepción de produtos

A recepción de produtos realízase, principalmente, a través do poliduto que enlaza a Refinería de Repsol de A Coruña coa súa terminal portuaria. Os produtos son dirixidos, a través de liñas, cara os tanques de almacenamento correspondentes.

Mediante camión cisterna recíbese o bioetanol que, unha vez descargado no punto establecido, condúcese ao depósito de almacenamento (disponse ademais dun punto de descarga de biodiésel que actualmente está en desuso). Así mesmo, tamén se reciben mediante camións cisterna os aditivos empregados na instalación.

2. Almacenamento de produtos

Os produtos principais que se almacenan na instalación son gasolinas, gasóleos, queroseno e bioetanol, en tanques verticais de teito fixo os gasóleos e en tanques verticais de teito fixo con pantalla flotante as gasolinas, o queroseno e o bioetanol. Os tanques de almacenamento están agrupados en cubetos segundo o produto a almacenar.

Todos os tanques son atmosféricos e dispoñen de respiradoiros para permitir a entrada/saída de aire, así como de dispositivos de protección contra o sobreenchido.

A maiores, almacénanse distintos aditivos que se engaden en liña aos produtos petrolíferos. O almacenamento realízase en depósitos de entre 1.000 L e 50.000 L.

Por outra parte, na instalación disponse de depósitos enterrados de dobre parede para a recollida de purgas e devolucións de produtos.

3. Aditivación

A inxección de aditivos pódese facer en liña ou directamente no brazo de carga. A aditivación en liña emprégase para os antiestáticos, mentres que a aditivación en brazo, na última fase da carga dos camións cisterna, emprégase para aditivos fiscais e para aditivos de calidade.

A aditivación lévase a cabo durante todo o proceso de carga mediante emboladas de aditivo nunha proporción fixada polo operador para os seus diferentes produtos.

4. Manipulación e trasfega

Segundo as necesidades, realízanse en ocasións trasfegas de produtos entre tanques, ben por gravidade ou facendo uso dos grupos de bombeo instalados na correspondente estación de bombeo ou mediante bombas portátiles.

5. Expedición de produtos

A expedición de produtos realízase mediante camións cisterna ou mediante o oleoduto que conecta esta instalación coa localizada en Vigo.

O produto é impulsado desde os tanques de almacenamento cara os distintos brazos de carga das illas do cargadoiro de camións cisterna. O cargadoiro componse de 8 illas de distribución totalmente automatizadas, con 4 brazos de carga por illa. O caudal de carga é de aproximadamente 2.000 L/min por brazo de carga.

SERVIZOS AUXILIARES DO ESTABLECEMENTO

Resúmense, neste apartado, as características máis importantes dos servizos auxiliares existentes dentro do establecemento.

SERVIZOS EXTERNOS
SUBMINISTRACIÓN EXTERNA DE ELECTRICIDADE ▸ Procedente da rede xeral de distribución de enerxía eléctrica. ▸ Instalación provista de tres transformadores de 1.600 kW.
SUBMINISTRACIÓN EXTERNA DE AUGA POTABLE ▸ Subministración procedente da rede da empresa municipal de augas e rede de sumidoiros.

Táboa 1. Servizos externos de Exolum

SERVIZOS INTERNOS
SUBMINISTRACIÓN ELÉCTRICA DE EMERXENCIA Subministración mediante grupo electróxeno diésel de emerxencia, que garante a subministración eléctrica a: ▸ Alumeado de emerxencia de edificios e patio. ▸ Sistema de vixilancia perimetral. ▸ Válvulas motorizadas de entrada e saída de tanques. ▸ Instrumentación da instalación e ordenadores da sala de control.
AUGA QUENTE E OUTRAS REDES DE DISTRIBUCIÓN DE LÍQUIDOS ▸ Acumulador non eléctrico para subministración de auga quente ao edificio de oficinas.
SISTEMAS DE COMUNICACIÓN ▸ Emisoras portátiles ▸ Sistema de megafonía para comunicacións interiores dentro da planta.

Táboa 2. Servizos internos de Exolum

OUTROS SERVIZOS EN PLANTA
▸ **Sistema de tratamento de residuos.** Almacenamento de residuos perigosos e non perigosos en zona cuberta, en bidóns e/ou colectores con sistemas de contención fronte derrames.
▸ **Rede de sumidoiros e sistemas de evacuación de augas residuais.** - Rede de recollida e canalización de augas hidrocarburadas que as conduce, para a súa depuración, á planta de tratamento situada na refinería. - Rede de recollida de augas, composta de sistema de cubetas, tubaxes soterradas e arquetas para a condución ao exterior. Dispón de sistema de válvulas, previa saída ao exterior, que desvía ás augas pluviais, en caso de estar contaminadas, ao sistema de tratamento de augas hidrocarburadas.
▸ **Dispositivos de control e recollida de auga contra incendios.** As augas van canalizadas polos sumidoiros existentes que forman parte da rede de recollida de augas pluviais.
▸ **Planta de recuperación de vapores.** Para a recuperación de vapores de hidrocarburos producidos durante o enchido de camións cisterna. A planta é de tipo adsorción-absorción mediante leitos de carbón activo.

Táboa 3. Outros servizos de Exolum

2.1.1.3. PRODUTOS E SUBSTANCIAS

As instalacións de Exolum en A Coruña están afectadas pola lexislación vixente en materia de accidentes graves, R.D. 840/2015, de 21 de setembro, polo que se aproban as medidas de control dos riscos inherentes aos accidentes graves nos que interveñan substancias perigosas, en función das substancias que seguen (e que polo tanto son aquelas susceptibles de producir accidentes graves).

Cabe diferenciar entre as substancias incluídas na parte 1 *"Categorías de substancias perigosas"* do Anexo I do RD 840/2015, de 21 de setembro, e aquelas incluídas na parte 2 *"Substancias perigosas nomeadas"* do referido anexo.

CATEGORÍAS DE SUBSTANCIAS PERIGOSAS (Parte 1, Anexo I do Real Decreto 840/2015)

CLASIFICACIÓN DA SUBSTANCIA	CANTIDADE MÁXIMA (T)	LIMIAR INFERIOR (T) COLUMNA 2, PARTE 1, ANEXO I	LIMIAR SUPERIOR (T) COLUMNA 3, PARTE 1, ANEXO I
Cat. P5c – Líquidos inflamables			
Bioetanol	382,3	5.000	50.000
Aditivos	212,0		
Total Cat. P5c	**594,3**		
Cat. E1 – Perigos para o medio ambiente acuático nas categorías aguda 1 ou crónica 1			
Aditivos	212,0	100	200
Total Cat. E1	**212,0**		

Táboa 4. Substancias afectadas polo RD 840/2015 presentes en Exolum

NOTAS:

- *Considerarase o total do volume nominal dos tanques fixos de almacenamento de aditivos dispoñibles e o volume dos recipientes móbiles, o que supón 212,0 m^3.*
- *Para o cálculo da masa total considerase unha densidade media de 1.000 kg/m^3.*

SUBSTANCIAS PERIGOSAS NOMINADAS (Parte 2, Anexo I do Real Decreto 840/2015)

CLASIFICACIÓN DA SUBSTANCIA	CANTIDADE MÁXIMA (T)	LIMIAR INFERIOR (T) COLUMNA 2, PARTE 2, ANEXO I	LIMIAR SUPERIOR (T) COLUMNA 3, PARTE 2, ANEXO I
34. Produtos derivados do petróleo e combustibles alternativos: **a) Gasolinas** **b) Querosenos** **c) Gasóleos**	**50.996,6**	2.500	25.000

Táboa 5. Substancias afectadas polo RD 840/2015 presentes en Exolum

NOTAS:

- *Para o cálculo da cantidade máxima de produtos derivados do petróleo considerouse o total do volume nominal dos tanques de almacenamento dispoñibles.*
- *Para o cálculo da masa total, considerase que todos os tanques conteñen gasóleo, debido a que a súa densidade é maior que a densidade da gasolina e do queroseno. Tómase unha densidade media de 850 kg/m^3.*

Na imaxe que segue indícase a localización en planta das substancias clasificadas.



Figura 2. Localización substancias clasificadas en Exolum

(Elaboración propia, Mapa base: Ortofoto PNOA Centro Nacional de Información Geográfica)

Todos os tanques de almacenamento son de tipo cilindro aéreo vertical, con teito fixo ou pantalla flotante, en función da substancia a almacenar.

O almacenamento de gasóleo está formado por 3 tanques de 9.557 m^3 (cubeto 3) e dous tanques de 6.842 m^3 e un tanque de 5.655 m^3 (cubeto 2).

Pola súa parte, o queroseno (JetA1) almacénase nun tanque de 1.414 m^3 e o bioetanol nun tanque 503 m^3, ambos os dous situados no cubeto 2.

Os cubetos 1 e 1.1. conteñen tanques de diferentes volumes e con almacenamento multiproduto. Indícase multiproduto para aqueles tanques con pantalla flotante que, en función das necesidades operativas, están preparados para o almacenamento de gasolina, queroseno, gasóleo ou bioetanol.

2.1.1.4. MEDIOS E INSTALACIÓNS DE PROTECCIÓN

A continuación se resumen as medidas e medios de protección existentes nas instalacións de Exolum:

Instalacións de detección de incendios

- Detectores de incendios en oficinas, sala de control, salas eléctricas, centros de transformación e grupo electróxeno.
- Pulsadores de emerxencia.
- Centraliñas de detección de incendios.
- Cámaras de vixilancia (CCTV, circuíto pechado de televisión) no interior da instalación.

Instalacións de extinción de incendios

A instalación está dotada con sistemas de extinción a base de escuma e aneis de refrixeración de auga con accionamento local e en remoto desde a Sala de Control, cunha rede xeral de auga cos correspondentes hidrantes-monitores.

As distintas áreas a protexer son:

- Área de tanques de almacenamento. Cada tanque conta con válvulas de diluvio, con disparo local e en remoto, a partir das cales de abastecen as cámaras de escuma situadas na periferia dos tanques e os aneis de refrixeración.
- Illas de carga de camións cisterna. Protexidas por instalación fixa de rociadores de auga-escuma, que poden ser accionados en local ou en remoto.
- Áreas de bombas de trasfega. Protexidas por instalación fixa de rociadores de auga-escuma, que poden ser accionados en local ou en remoto.
- Terminal de oleoduto. A cabeceira da terminal está protexida por instalación fixa de rociadores de auga-escuma, que poden ser accionados en local ou en remoto
- Edificio de oficinas. Extintores e bocas de incendio equipadas (BIEs). A sala de equipos, a sala de control e o almacén dispoñen de sistema de extinción por gas FM-200.
- Edificio eléctrico (centro de transformación do oleoduto, cadros eléctricos e grupo electróxeno). Sistema de extinción mediante gas FM-200 con accionamento por detección cruzada e manual. A maiores, existen extintores distribuídos polo edificio.

Os transformadores á intemperie están protexidos mediante sistema de auga pulverizada controlado cunha válvula motorizada automática situada na sala de diluvio.

- Resto da instalación. Rede fixa de defensa contra incendios mediante sistema de hidrantes que rodea a instalación, así como extintores portátiles.

Sinalización de emerxencias

A instalación dispón de sinais en forma de panel para sinalización de saídas de uso habitual ou de emerxencia, luces de emerxencia, extintores, monitores, pulsador de alarma e pulsadores de paro de bombas, sirena de alarma, punto de reunión, etc.

Iluminación de emerxencia

A instalación conta cun conxunto de torres de alumeado que recorren todo o perímetro. En caso de corte da subministración eléctrica, disponse dun grupo electróxeno diésel para o funcionamento do alumeado do edificio de oficinas e das luces de emerxencia.

Sistemas internos de aviso

- Sistemas de alarma: sirena acústico-luminosa e cámaras de vídeo-vixilancia.
- Sistemas de transmisión. Radio-teléfonos portátiles e móbil ATEX, así como sistema de megafonía.

Medios de comunicación co exterior

- Liña de teléfono fixo para comunicacións.
- Teléfonos móbiles.
- Ordenador de vixilancia 24 h.
- Botón de alarma, para aviso ao Centro de Supervisión e Vixilancia 24 h da compañía.

2.1.1.5. ORGANIZACIÓN DA EMPRESA

PERSOAL/QUENDAS DE TRABALLO

O persoal operativo de Exolum está constituído por un total de 15 persoas, distribuídas a quendas, sendo o horario de traballo na instalación de 0 a 24 h, os 365 días do ano.

O persoal que traballa a xornada partida ten un horario de 08:00 a 18:00 h de luns a venres, e o persoal por quendas traballa en tres quendas rotativas de 8 horas.

Así, a distribución do persoal queda como segue:

POSTO DE TRABALLO	SITUACIÓN	PERSOAL
Xefe da instalación Técnico de operacións Xefe de quenda Especialista	Quendas de actividade normal (pluripersoal)	2 (mínimo)
Especialista	Quendas unipersoais	1 (mínimo)

Táboa 6. Relación de persoal Exolum

A maiores, conta con sete persoas que desenvolven o seu traballo ben no centro ou ben nas instalacións da refinaría e que poden estar ou non presentes na instalación, cun horario de traballo flexible que pode asemellarse á xornada partida.

ORGANIZACIÓN DA SEGURIDADE

Control de accesos

As instalacións de Exolum dispoñen dun sistema remoto de detección perimetral mediante cámaras. Está instalado na valla de cerramento e controla toda a instalación por cámaras de TV de alta potencia.

Actuación ante emerxencias

Ante unha posible situación de emerxencia, o persoal de Exolum organízase nos seguintes equipos:

- Xefe da Emerxencia.
- Responsable de Centro de Alarma e Comunicación (CAC).
- Xefe de Intervención, Primeiros Auxilios e Evacuación/Confinamento.
- Equipo de Intervención, Primeiros Auxilios e Evacuación/Confinamento.
- Equipo de Apoio.

Estrutura organizativa en caso de emerxencia

Preséntase, a continuación, o organigrama da estrutura organizativa en caso de emerxencia nas instalacións:



Figura 3. Estrutura organizativa de Exolum – Quenda de actividade normal

2.1.2. REPSOL BUTANO, S.A.

2.1.2.1. IDENTIFICACIÓN E DATOS XERAIS

Razón social/Dirección do establecemento industrial

Razón Social	REPSOL BUTANO, S.A.
Dirección	Estrada Meicende – Nostián Lugar de Nostián
Código Postal	15.008
Localidade	A Coruña
Teléfono	981 160 288
Fax	981 145 180
Actividade industrial	Código CNAE (2009): 46.71 Comercio ao por maior de combustibles sólidos, líquidos e gasosos e produtos similares

2.1.2.2. DESCRICIÓN DE INSTALACIÓNS E PROCESOS

As instalacións de Repsol Butano. están distribuídas en edificios de oficinas, servizos sociais, naves de envasado, salas de bombas e compresores, salas de DCI, servizos auxiliares, almacén, garaxe e taller.

Na seguinte imaxe móstrase a localización das distintas zonas:



Figura 4. Plano Instalacións Repsol Butano.

Nas instalacións de Repsol Butano. no polígono de A Grela-Bens, lévanse a cabo principalmente as seguintes actividades:

- Recepción, trasfega interna de produtos e por gasoduto coa refinería, e expedición de GLP (butano, propano e as súas mesturas).
- Almacenamento de GLP (butano, propano e as súas mesturas).
- Carga/descarga de vehículos cisterna para distribución de GLP (butano, propano e as súas mesturas).
- Envasado de botellas de GLP para usos doméstico e industrial (butano, propano e as súas mesturas).
- Carga/descarga de botellas en camións, para o seu envasado ou distribución.
- Aditivación con etilmercaptano do GLP que se recibe de refinería.

ENVASADO

Na planta de Repsol Butano. os distintos produtos envásanse nos seguintes tipos de recipientes:

DENOMINACION	CAPACIDAD E	PRODUTO	PESO NETO (KG)
NEL (UD-120 L)	24,9	Butano	12
UD-125	26	Butano	12,5
K-6	12,3	Butano	6
UD-110	26	Propano	11
UI-350	83	Propano	35
K-120 / EX120C	26	Mestura de automoción	12

Táboa 7. Recipientes de envasado empregados en Repsol Butano.

As operacións de envasado lévanse a cabo na nave de envasado para envases UD e na nave de envasado para envases industriais para os envases I-350 e K-6.

TRASFEGAS

As operacións de trasfega comprenden todo movemento de GLP que ten lugar na instalación, así como a recepción e aditivación do produto enviado pola refinería ou recibido por vía marítima ao través da terminal marítima de Repsol Petróleo, S.A.

Trasfega de envasado

Para o envasado de butano en botellas tipo UD e NEL, o produto envíase desde os depósitos de almacenamento á nave cun caudal máximo de 70 m^3/h e unha presión de 16 bar. Con esta mesma liña de enchido, énchense as botellas tipo K-6.

Para enchido con propano de envases tipo UD-110, empréganse as bombas cun caudal de 70 m^3/h e unha presión de 17 kg/cm^2 que aspiran dos depósitos ou esferas de propano ou mestura. Con este mesmo caudal e presión énchense os envases tipo I-350.

Carga/descarga de cisternas

A instalación de carga/descarga de cisternas está composta por 3 puntos de carga, contando cada un deles con 2 brazos articulados. Ademais das correspondentes válvulas manuais e pneumáticas, cada brazo dispón dunha válvula de accionamento óleo hidráulico a distancia.

O rendemento por punto de carga na terminal de cisternas é de 30 m^3/h, e nas instalacións cárganse/descárganse unha media de 20 cisternas diarias.

A cisterna cárgase sobre báscula, sendo o corte do enchido automático. Finalizada a carga, a cisterna pésase á saída da factoría, verificando, comprobando e emitindo a documentación do vehículo e expedición.

Trasfega por gasoduto

As instalacións atópanse unidas co C.I. de Repsol Petróleo, S.A. mediante poliduto aéreo de 650 m, formado por 3 liñas de 6", 4" e 4" de diámetro para a trasfega de GLP.

O caudal recibido depende de Repsol Petróleo, S.A. e realízase por medio da impulsión das súas bombas, sendo a cadencia media de 60 t/h para butano e 80 t/h para propano.

REFRIXERACIÓN

Nas esferas ER-4001 e ER-4002 pódese almacenar propano semirrefrixerado a unha temperatura comprendida entre 0 e 5º C.

A instalación de refrixeración está composta por tubaxes de aspiración da fase gasosa, dous compresores de 45 kW, tanque separador de aspiración, tanque separador de incondensables e 2 condensadores evaporativos para a condensación do propano.

ODORIZACIÓN

Os GLP son substancias inodoras, sendo necesario, para percibir unha fuga, que se lles engada unha pequena proporción de etilmercaptano líquido.

Na factoría disponse dunha planta de odorización automática composta por un depósito fixo de 600 L, dúas bombas de impulsión de produto e un sistema de xestión e control.

SERVIZOS AUXILIARES DO ESTABLECEMENTO

SERVIZOS EXTERNOS
ELECTRICIDADE E OUTRAS FONTES DE ENERXÍA ▸ Enerxía eléctrica recibida en alta tensión. Existe unha estación de transformación con dúas uds. transformadoras de 1.000 kVA cada unha ▸ Combustibles: - Gasóleo para carretillas elevadoras (depósito 4.000 L), vehículos propios, motobombas do sistema contra incendios (7 tanques de 500 L) e grupo electróxeno (depósito de 2.300 L). - Propano para calefacción e ACS (depósito de 33.510 L).
SUBMINISTRACIÓN EXTERNO DE AUGA POTABLE ▸ Subministro de auga procedente da rede municipal mediante condución de 1"de diámetro. ▸ Posibilidade de recibir auga, desde refinería, para o sistema contraincendios, mediante tubaxe de 16", cun caudal de 1.800 t/h.

Táboa 8. Servizos externos de Repsol Butano.

SERVIZOS INTERNOS
SUBMINISTRACIÓN ELÉCTRICA DE EMERXENCIA ▸ Grupo electróxeno de 175 kVA. ▸ Sistema de Alimentación Ininterrompida, con dous UPS redundantes de 40 kV cada un.
AUGA QUENTE E OUTRAS REDES DE DISTRIBUCIÓN DE LÍQUIDOS ▸ Acumulador non eléctrico para subministración de auga quente ao edificio de oficinas. ▸ Caldeira para a subministración de auga quente para calefacción da nave de envasado. ▸ Caldeira para augas sanitarias, duchas e baños dos servicios sociais e oficinas.
SISTEMAS DE COMUNICACIÓN ▸ Sistemas de megafonía. ▸ Sistema de alarma. ▸ Sistema de transmisores y teléfonos móbiles (ATEX 100).
AIRE PARA INSTRUMENTACIÓN Central de produción de aire comprimido con 4 compresores e unha rede de distribución.

Táboa 9. Servizos internos de Repsol Butano.

OUTROS SERVIZOS EN PLANTA
▸ Rede de sumidoiros e sistemas de evacuación de augas residuais. - A rede de sumidoiros verte á rede da refinería, onde se realiza o tratamento - As augas residuais sanitarias de oficinas e servizos verten a tanque séptico de 10 t (baleirado mediante camión cisterna e enviado a xestor autorizado).
▸ Dispositivos de control e recollida de auga contra incendios. As augas van canalizadas polos sumidoiros existentes que forman parte da rede de recollida de augas pluviais.

Táboa 10. Outros servizos de Repsol Butano.

2.1.2.3. PRODUTOS E SUBSTANCIAS

A planta de Repsol Butano. en A Coruña está afectada pola lexislación vixente en materia de accidentes graves, R.D. 840/2015, de 21 de setembro, en función das substancias que seguen, e que por tanto son aquelas susceptibles de xerar accidentes graves.

Cabe diferenciar entre as substancias incluídas na parte 1 *"Categorías de substancias perigosas"* do Anexo I do RD 840/2015, de 21 de setembro, e aquelas incluídas na parte 2 *"Substancias perigosas nomeadas"* do referido anexo.

CATEGORÍAS DE SUBSTANCIAS PERIGOSAS (Parte 1, Anexo I do Real Decreto 840/2015)

CLASIFICACIÓN DA SUBSTANCIA	CANTIDADE MÁXIMA (T)	LIMIAR INFERIOR (T) COLUMNA 2, PARTE 1, ANEXO I	LIMIAR SUPERIOR (T) COLUMNA 3, PARTE 1, ANEXO I
Cat. P5a – Líquidos inflamables			
Etilmercaptano	0,504	10	50
Total Cat. P5a	**0,504**		
Cat. E1 – Perigos para o medio ambiente acuático nas categorías aguda 1 ou crónica 1			
Etilmercaptano	0,504		
Hipoclorito sódico 15%	0,252	100	200
Total Cat. E1	**0,756**		

Táboa 11. Substancias afectadas polo RD 840/2015 presentes en Repsol Butano.

SUBSTANCIAS PERIGOSAS NOMINADAS (Parte 2, Anexo I do Real Decreto 840/2015)

CLASIFICACIÓN DA SUBSTANCIA	CANTIDADE MÁXIMA (T)	LIMIAR INFERIOR (T) COLUMNA 2, PARTE 2, ANEXO I	LIMIAR SUPERIOR (T) COLUMNA 3, PARTE 2, ANEXO I
18. Gases inflamables licuados das categorías 1 ou 2 (incluído o GLP) e gas natural:			
Butano	**4.700,00**	50	200
Propano	**4.018,28**		
Mestura automoción	**293,94**		
TOTAL	**9.012,22**		

CLASIFICACIÓN DA SUBSTANCIA	CANTIDADE MÁXIMA (T)	LIMIAR INFERIOR (T) COLUMNA 2, PARTE 2, ANEXO I	LIMIAR SUPERIOR (T) COLUMNA 3, PARTE 2, ANEXO I
34. Produtos derivados do petróleo e combustibles alternativos: c) Gasóleos	**8,62**	2.500	25.000

Táboa 12. Substancias afectadas polo RD 840/2015 presentes en Repsol Butano.

Na imaxe que segue indícase a localización en planta das substancias clasificadas.



Figura 5. Localización substancias clasificadas en Repsol Butano.
(Elaboración propia, Mapa base: Ortofoto PNOA Centro Nacional de Información Geográfica)

O almacenamento de GLP está formado por 2 esferas de 4000 m^3, 3 esferas de 2000 m^3, 4 esferas de 1000 m^3, 6 tanques de 213 m^3 e 8 tanques de 115 m^3.

- Esferas ER-4001 e ER-4002, calorifugadas, adecuadas para a súa utilización con propano.
- Tanques T-204, T-205 e T-206 destinados de forma habitual ao almacenamento de gas para automoción.
- Esferas E-2001, E-2002, E-2003, E-1001, E-1002, E-1003 e E-1004, para almacenamento de butano.

- Tanques T-201, T-202, T203, T-101, T-102, T-103, T-104, T-105, T-106 e T-107, habitualmente almacenan propano.
- Tanque T-108 destinado á recollida de purgas (contido habitual en propano).
- Tanque de autoconsumo (35,51 m^3) para uso en servizos sociais contén propano.

O gasóleo almacénase en tanques/depósitos de diferentes volumes, para subministración de carretillas, vehículos propios, motobombas do depósito contra incendios e grupo electróxeno

Pola súa parte, o etilmercaptano almacénase nun depósito de 600 L e o hipoclorito sódico nos seus envases habituais de 25 L.

2.1.2.4.MEDIOS E INSTALACIÓNS DE PROTECCIÓN

Os medios de protección están compostos principalmente por:

- Medios materiais de detección e alarma.
- Medios materiais de refrixeración e extinción de incendios.

MEDIOS MATERIAIS DE DETECCIÓN E ALARMA

A planta dispón dun sistema de alarma formado por varios accionadores e unha sirena de uso exclusivo para este fin. Os accionadores están repartidos por toda a instalación e como mínimo hai un en cada un dos seguintes emprazamentos:

- Naves de envasado (1 por circuíto).
- Salas de bombas e compresores de GLP.
- Terminais de cisternas.
- Patio de almacenamento de GLP.
- Sala de control.
- Estación de aditivación
- Equipo de purgas

A instalación conta cun número total de 17 pulsadores de alarma.

Existe un sistema de detectores de gas instalados en posibles zonas de risco como patio de almacenamento, naves de enchido, sala de bombas de GLP, etc.

DETECTORES DE GAS	NÚMERO
Nº detectores puntuais	18
Nº barreiras IR	8
Detectores portátiles (combinado GLP/osíxeno/CO/H_2S)	2

Táboa 13. Detectores de gas instalados en Repsol Butano.

A maiores, na instalación de aditivación, existe un detector de etilmercaptano, dotado de sensor electroquímico intelixente para H_2S.

Como sistema alternativo, dispón dun sistema de megafonía que permite emitir unha sinal de alarma desde a sala de control.

MEDIOS MATERIAIS DE REFRIXERACIÓN E EXTINCIÓN DE INCENDIOS

Os compoñentes básicos do sistema xeral de defensa contra incendios (DCI) son os seguintes:

- Tanques de almacenamento: tanques de auga de 5.000 m^3 e 3.000 m^3 conectados entre si.
- Sala de bombas DCI: 7 motobombas diésel, 1 electrobomba jockey para mantemento da presión no circuíto principal de DCI e 1 compresor de aire para subministración ás liñas de detección de lume.
- Rede DCI: rede mallada de tubaxes, cunha presión de deseño de 16 kg/cm^2, para o subministro de auga aos postos de control que abastecen en caso de incendio. A rede é na súa maior parte aérea, sendo soterrada unicamente en aquelas zonas onde sexa obrigado polas súas características.
- Postos de Control. Compostos por:

  a) Válvula de diluvio.

  b) Trim de auga e aire para control e probas da válvula de diluvio.

  c) Filtros para impedir que chegue a sucidade ás válvulas e rociadores.
- Sistemas de rega. Existen diferentes sistemas de rega para cada unha das zonas existentes na instalación:
  - Sistema de rega de esferas.
  - Sistema de rega de depósitos cilíndricos horizontais.

- Sistema de rega de cargadoiros de cisternas.
- Sistema de rega das salas de bombas de GLP, da sala de compresores de GLP e da sala de purgas de GLP.

- Salvagardas e medios adicionais de defensa contra incendios:
  - Cortinas de auga. Empregadas para illar unhas zonas de outras.
  - Hidrantes e monitores. Entroncados á rede de auga de DCI e distribuídos polas áreas produtivas da planta. Nas inmediacións de cada hidrante, existe unha caseta contendo distinto tipo de material de DCI.
  - Conexión liñas GLP á rede de auga DCI. Para fugas na parte baixa dos depósitos ou ante necesidade de inundar equipos.
  - Control do Sistema de Defensa Contraincendios. Combinación de PLC de seguridade (AC800M), consola de control e PLC de control (AC800M) das bombas de DCI.
  - Monitores telemandados. Empregados en áreas onde a presenza humana ante un incendio entraña un gran risco.

2.1.2.5. ORGANIZACIÓN DA EMPRESA

PERSOAL/QUENDAS DE TRABALLO

As instalacións de Repsol Butano. contan cun persoal total de 27 empregados distribuídos por quendas segundo se indica na seguinte táboa:

QUENDA	HORARIO[1] (L-S)	Nº TRABALLADORES
Mañá	07:30 - 15:00 h	23 (21 persoal propio + mecánico externo + vixilante de seguridade contratado)
Tarde	15:00 - 22:30 h	8 (6 persoal propio + persoal de limpeza + vixilante de seguridade contratado)
Noite	22:30 - 07:30	1 (vixilante de seguridade contratado) *(Quenda circunstancial segundo necesidades do servizo)*

Táboa 14. Relación de persoal Repsol Butano.

[1] Horario de inverno. Resto do ano: 7:45 a 15:00 e 15:00 a 22:15 (L-V)

A maiores, poden atoparse presentes transportistas para a carga de cisternas e persoal de contratas de mantemento de forma eventual, que en todo caso contarán con control

de presenza nos accesos ás instalacións. Diariamente accede ao centro unha persoa para limpeza en horario de 15:00 a 18:30.

O Xefe de Factoría e o Xefe de Área son persoal técnico con dispoñibilidade 24h e 365 días/ano. Así mesmo, durante todo o ano está dispoñible un técnico de garda.

ORGANIZACIÓN DA SEGURIDADE

Control de accesos

O acceso conta cun dobre sistema de entrada-saída, con dispositivo de porta corredera automática, con barreiras de entrada e saída e controlada por vixilancia situada na Sala de Control.

Así mesmo, as instalacións contan con servicio permanente de vixilancia de seguridade (24 h, 365 dias ao ano), formado por vixilante de seguridade, sistema antiintrusismo con cerramento físico e vídeo sensores cuxa alarma se transmite en tempo real e simultánea ao vixilante da factoría e ao Centro de Seguimento de Vixilancia (CSV) situado en Madrid.

Actuación ante emerxencias

Ante unha situación de emerxencia, o persoal de Repsol Butano. organízase seguindo a estrutura que se indica a continuación.



Figura 6. Estrutura organizativa de Repsol Butano. en caso de emerxencia

2.1.3. COMPLEXO INDUSTRIAL DE REPSOL PETRÓLEO, S.A.

2.1.3.1. IDENTIFICACIÓN E DATOS XERAIS

Razón social/Dirección do establecemento industrial

Razón Social	COMPLEXO INDUSTRIAL DE REPSOL PETRÓLEO, S.A.
Dirección	Polígono Industrial de Bens, s/n
Código Postal	15.008
Localidade	A Coruña
Teléfono	981 181 400
Fax	981 276 071
Actividade industrial	Código CNAE (2009): 19.20 Refino de petróleo

2.1.3.2. DESCRICIÓN DE INSTALACIÓNS E PROCESOS

O Complexo Industrial de Repsol Petróleo, S.A. (C.I. Repsol Petróleo en diante) situado en Bens (A Coruña), engloba as seguintes instalacións:

- Unidades de proceso.
- Unidades auxiliares.

As actividades realizadas no Complexo Industrial descríbense de xeito resumido a continuación:

UNIDADES DE PROCESO

Destilación atmosférica de Cru: Cru 1 (U-611) e Cru 2 (U-614)

Estas unidades reciben o cru de petróleo, onde é quentado mediante intercambiadores de calor para posteriormente ser enviado á torre de destilación atmosférica, onde se separa en distintas fraccións en función do seu punto de ebulición: GLP, nafta lixeira, nafta pesada, queroseno, gasóleo e residuo atmosférico.

Destilación a Baleiro: Baleiro 1 (U-612), Baleiro 2 (U-616) e Baleiro 3 (U-617)

O cru reducido (parte residual obtida da destilación atmosférica) é sometido de novo a un proceso de destilación a presión reducida (baleiro), obtendo gasóleo lixeiro, gasóleo pesado e residuo de baleiro.

Tanto o gasóleo lixeiro como o gasóleo pesado obtidos son enviados como carga á unidade de FCC (Craking Catalítico en Leito Fluído) previo paso pola unidade de HDT.

Concentración de gases: URG-2 (U-673) e URG-3 (U-615)

A unidade URG-2 recibe o produto lixeiro procedente das unidades de cru, benceno e platformado, que tras sucesivas separacións e destilacións, sepáranse en fuel-gas, GLP e nafta lixeira estabilizada.

A URG-3 está deseñada para procesar nafta, aceite pobre absorbente e fraccións máis lixeiras procedentes da unidade de FCC, así como gas procedente da unidade de coquización.

Unidade de Hidróxeno (U-681)

A unidade alimentase con gas natural ou con nafta procedentes do límite de batería (nunca con ambas simultaneamente). Unha pequena fracción do hidróxeno producido recíclase á sección de desulfuración, mentres que o resto envíase ao límite de batería.

Reformado Catalítico: Platformado 1 (U-651) e Platformado 2 (U-654)

O obxectivo destas unidades é conseguir gasolinas de alto octanaxe. Aliméntanse con naftas pesadas procedentes de destilación atmosférica que previamente son desulfuradas na sección de unifining.

Hidrodesulfuración: HDS-1 (U-641), HDS-2 (U-677) e HDS-3 (U-689)

Ten por obxecto reducir o contido de xofre nos destilados medios. O gasóleo e a nafta, segundo o caso, xunto con gas rico en H_2 (procedente de platformado, da unidade de hidróxeno ou das instalacións de Air Liquide, S.L.U.) reaccionan, transformando o xofre en sulfhídrico.

Os gases e naftas desulfurados, que compren coas esixencias do mercado en canto ao contido de xofre, así como o sulfhídrico formado, son separados, enviándose o produto desulfurado a tanques.

Os gases separados (fuelgas) lávanse con amina para separar o sulfhídrico.

Desisopentanizadora de naftas (U-683)

A nafta lixeira proveniente de URG-2 e Cru-1 procesase mediante separación por destilación continua, co fin de obter unha corrente rica en isopentano con destino á formulación de gasolina comercial.

A corrente de isopentano envíase á unidade Merox e a nafta desisopentanizada a tanques.

Tratamento de gasolina e isopentano (U-652)

Deseñada para producir gasolina/isopentano libre de compostos de xofre mercaptanos, como base da gasolina comercial. Lévase a cabo mediante o proceso Merox.

Hidroxenación de benceno (U-682)

Nesta unidade procesase a nafta reformada, procedente das unidades de reformado catalítico ou dos tanques de almacenamento. Está deseñada para producir nafta reformada hidroxenada cun contido en benceno conxunto de 0,6% vol. como máximo.

Tratamento de queroseno (U-653)

Deseñada para obter queroseno comercial (libre de compostos de xofre mercaptanos), mediante o emprego de catalizadores de cloruro de cobre en reactores de leito fixo.

Tratamento GLP, nafta e queroseno: Aminas-2 (U-675), Aminas-3 (U-678) e Aminas (U-686)

A unidade Aminas-2 procesa o gas ácido procedente das unidades de recuperación de gases coa finalidade, por unha parte, de alcanzar a especificación do H_2S, e por outra, subministrar unha corrente de amina pobre para eliminar o H_2S da corrente de GLP. O gas ácido producido úsase como alimentación das unidades de recuperación de xofre.

Na unidade Aminas-4, a extracción de H_2S dos efluentes de hidrocarburos gasosos ten lugar mediante proceso continuo absorción/rexeneración, empregando unha solución acuosa do 25% en peso de DEA (amina rica).

Recuperación de xofre: PRA-3 (U-679) e PRA-4 (U-688)

Nestas unidades, o ácido sulfhídrico obtido tanto nas unidades de concentración de gases como nas unidades de hidrodesulfuración, oxídase para producir xofre mediante proceso Claus.

Recuperación de propileno (U-451) e Recuperación de Propileno-2 (U-455)

Na unidade U-451, o propano olefínico procedente das unidades de conversión, destílase nunha torre de alto grado de fraccionamento, separándose en dous compoñentes: propano e propileno dun 97% de pureza.

Pola súa parte, a unidade de recuperación de Propileno-2 ten como obxecto conseguir un aumento na capacidade de produción de propileno, mediante produción de propileno grado polímero a partir da corrente existente de propileno grado químico.

ETBE (U-450)

Tanto o Metil-Ter-Butil-Eter (MTBE) como o Etil-Ter-Butil-Eter (ETBE) son produtos osixenados que substitúen ao chumbo tetraetilo como aditivo para mellorar o Índice de Octano das gasolinas.

Nesta unidade, o butano olefínico (procedente das unidades de conversión) trátase conxuntamente con metanol ou etanol, nun reactor de leito fixo e en presenza dun catalizador, para obter MTBE ou ETBE, respectivamente.

Hidroxenación de butadieno (U-656)

A unidade consta fundamentalmente dun reactor catalítico e dun separador de gases, onde a corrente de butano olefínico, procedente das unidades de conversión, hidroxénase nun proceso catalítico de leito fixo para eliminar os butadienos e cumprir as especificacións do butano comercial.

Cracking Catalítico en Leito Fluído (FCC, U-655)

Nesta unidade trátanse os gasóleos procedentes das unidades de destilación a baleiro, que sofren un cracking catalítico nun leito fluído para producir gases e gasolinas principalmente. O catalizador utilizado é alumina-silicato.

Os produtos obtidos sepáranse nunha torre de fraccionamento atmosférico.

Unidade de hidrotratamento (HDT, U-685)

Baseada no proceso Axens e deseñada para tratar con hidróxeno unha mestura de destilados pesados (gasóleo lixeiro e pesado de baleiro, gasóleo pesado de coquización e aceite lixeiro) e producir alimentacións desulfuradas para as unidades FCC.

Coquización retardada (U-621)

A unidade de coquización retardada, alimentada polo residuo das unidades de baleiro, consta da sección de coquización onde se produce coque verde para calcinación, e da sección recuperadora de lixeiros onde se obteñen gases, nafta lixeira e nafta pesada.

Mestura (Blending)

Blending ou mestura dos produtos que saen das distintas unidades de proceso, coa finalidade de que cumpran unha serie de especificacións solicitadas polos clientes (blending de GLP, blending de gasolinas, blending de gasóleos e blending de fuelóleos).

UNIDADES AUXILIARES

Tanques de almacenamento (U-724)

Zona da instalación onde se almacenan materias primas, produtos intermedios e produtos finais. Disponse de esferas para almacenamento de GLP´s e tanques de leito fixo ou flotante para o almacenamento de produtos líquidos.

Cargadoiros

No complexo industrial existen catro cargadoiros destinados a asfaltos, xofre, coque calcinado e fuelóleo.

Os cargadoiros de asfalto e fuelóleo están preparados para a carga en camións cisterna. Por outra parte disponse dunha campa de xofre e dunha campa de coque calcinado.

Coxeneración: Coxeneración-1 (U-410) e Coxeneración-2 (U-408)

A unidade de coxeneración-1 está composta por unha turbina de gas acoplada a un alternador cunha potencia xerada de 39 MW, e por unha caldeira de recuperación de calor de gases residuais cunha produción de 70 t/h de vapor a 42 kg/cm^2 que alimenta un turbo-alternador cunha potencia de xeración de 3 MW.

A unidade de coxeneración-2, de ciclo combinado, está formada por unha turbina de gas acoplada a un alternador que xera 40,4 MW e por unha caldeira de recuperación de calor de gases residuais cuxa produción de vapor alimenta unha turbina de vapor cunha produción de enerxía eléctrica de 16,6 MW.

Fachos (U-460)

Os fachos constitúen un dos principais sistemas de seguridade das instalacións, conducindo os gases e líquidos que non poden ser procesados para a súa queima antes da descarga á atmosfera, evitando así a formación de atmosferas explosivas.

Existen nas instalación dous fachos: facho de Bens e facho de Nostián.

SERVIZOS AUXILIARES DO ESTABLECEMENTO

Nos seguintes apartados, indícanse os servizos tanto externos como internos existentes dentro do C.I. Repsol Petróleo, S.A.

SERVIZOS EXTERNOS
SUBMINISTRACIÓN DE ELECTRICIDADE ▸ Parque de intemperie, coas seguintes liñas eléctricas: - Dúas liñas aéreas de 66 kV (60 MVA) conectadas á estación de Sabón (Arteixo). - Liña de 66 kV (con trafo 11/66 kV de 60 MVA) procedente da unidade de coxeneración 1. - Dous transformadores de 66/15 kV (30/40 MVA), que alimentan cadro de 15 kV con dúas acometidas e un acoplamento para alimentación da enerxía consumida en Bens. - Dúas liñas de 66 kV e dous transformadores 66/15 kV para o consumo en Nostián (subestación C-8). ▸ Unidade de coxeneración 2, unicamente liña de exportación, de 220 kV (con trafo de 80 MVA), conectada á subestación de A Grela e sen conexión á rede interna do complexo industrial.
SUBMINISTRACIÓN DE AUGA POTABLE Auga procedente de depósitos xemelgos cubertos de 4.000 m^3 (O Ventorrillo), desde onde é subministrada por gravidade ao través de contador e tubaxe subterránea, e recibida en depósito de 16.000 m^3, de uso exclusivo do complexo industrial.
SUBMINISTRACIÓN DE GAS NATURAL Subministrado ao través dunha estación de regulación e medida (ERM) cunha presión de operación, aproximada, de 40 bar.

Táboa 15. Servizos externos do C.I. Repsol Petróleo, S.A.

SERVIZOS INTERNOS
REDE INTERNA DE DISTRIBUCIÓN ELÉCTRICA ▸ Distribución interna desde subestacións do Parque de intemperie (Bens) e C-8 (Nostián). ▸ Realizada a 15 kV, con posterior transformación a 6,3 kV e/ou 400 V, con dúas acometida e acoplamento ou cunha soa acometida, segundo as necesidades.
SUBMINISTRACIÓN ELÉCTRICA DE EMERXENCIA ▸ Xeradores de emerxencia (dous en Bens, un en Nostián e un en Terminal marítimo). ▸ Sistemas de alimentación ininterrompida redundantes (catro en Bens, cinco en Nostián e un en Terminal marítimo) apoiando subministración a instalacións críticas. ▸ Sistemas de alimentación ininterrompida non redundantes apoiando subministración a instalacións non críticas importantes.
SISTEMAS DE COMUNICACIÓN ▸ Rede de telefonía fixa (280 terminais), telefonía móbil e fax. ▸ Radiocomunicacións.

SERVIZOS INTERNOS
- Comunicacións internas: 7 canles semidúplex (SD) a través de repetidor e 7 canles simples (SX) sen repetidor. Equipos: radioteléfonos portátiles, emisoras base e emisoras móbiles.
AIRE PARA INSTRUMENTACIÓN Formada por tres compresores C-2401 A/B/C con sistema de control dixital.
REDE DE AUGA Dúas calidades: ▸ Auga fresca (empresa municipal), empregada para auga a cadeas e auga potable. ▸ Auga reciclada procedente do TAR, para servizos, torres de refrixeración, desaladores, corte de coque e sistemas contra incendios.

Táboa 16. Servizos internos do C.I. Repsol Petróleo, S.A.

OUTROS SERVIZOS EN PLANTA
▸ Subministración de auga de caldeiras, vapor e condensado. ▸ Subministración de auga de refrixeración (para eliminación de calor en uds. de proceso). ▸ Tratamento de augas residuais. ▸ Rede de sumidoiros e sistemas de evacuación de augas residuais (redes de augas aceitosas e de procesos, pluviais e fecais). ▸ Dispositivos de control e recollida de auga contra incendios (mediante as redes de drenaxe de procesos/aceitosas das distintas unidades). ▸ Estacións meteorolóxicas (unha dentro do Complexo Industrial e outra en A Pastoriza).

Táboa 17. Outros servizos do C.I. Repsol Petróleo, S.A.

2.1.3.3. PRODUTOS E SUBSTANCIAS

O C.I. Repsol Petróleo atópase afectado pola lexislación vixente en materia de Accidentes Graves, R.D. 840/2015, de 21 de setembro, polo que se aproban as medidas de control dos riscos inherentes aos accidentes graves nos que interveñan substancias perigosas, en función das substancias que seguen, e que por tanto son aquelas susceptibles de xerar accidentes graves.

Cabe diferenciar entre as substancias incluídas na parte 1 *"Categorías de substancias perigosas"* do Anexo I do RD 840/2015, de 21 de setembro, e aquelas incluídas na parte 2 *"Substancias perigosas nomeadas"* do referido anexo.

CATEGORÍAS DE SUBSTANCIAS PERIGOSAS (Parte 1, Anexo I do Real Decreto 840/2015)

CLASIFICACIÓN DA SUBSTANCIA	CANTIDADE MÁXIMA (T)	LIMIAR INFERIOR (T) COLUMNA 2, PARTE 1, ANEXO I	LIMIAR SUPERIOR (T) COLUMNA 3, PARTE 1, ANEXO I
Cat. P5a – Líquidos inflamables			
Crú de petróleo	547.738	10	50
Total Cat. P5a	**547.738**		
Cat. P5c – Líquidos inflamables			
Etanol	4.480		
ETBE	15,20	5.000	50.000
Total Cat. E1	**4.495,20**		

Táboa 18. Substancias afectadas polo RD 840/2015 presentes no C.I. Repsol Petróleo, S.A.

NOTAS:

- *As retencións máximas de dióxido de xofre e amoníaco non se inclúen, ao considerar o Informe de Seguridade que non dan lugar a accidentes graves representativos.*
- *Os tanques FB-0858, FB-0859 e FB-0955 poden almacenar gasolina ou ETBE. Inclúense como gasolina por ter valores límites máis restritivos.*

SUBSTANCIAS PERIGOSAS NOMINADAS (Parte 2, Anexo I do Real Decreto 840/2015)

CLASIFICACIÓN DA SUBSTANCIA	CANTIDADE MÁXIMA (T)	LIMIAR INFERIOR (T) COLUMNA 2, PARTE 2, ANEXO I	LIMIAR SUPERIOR (T) COLUMNA 3, PARTE 2, ANEXO I
18. Gases inflamables licuados das categorías 1 ou 2 (incluído o GLP) e gas natural:			
Propano	**2.727**	50	200
Propileno	**3.405**		
Butano	**9.286**		
Butenos	**18,60**		
Fracción C4	**50,91**		
Gas natural	**12,56**		
TOTAL	**15.500,07**		
34. Produtos derivados do petróleo e combustibles alternativos:			
a) Gasolinas e naftas	**247.051**	2.500	25.000
b) Querosenos	**14.838**		
c) Gasóleos	**398.001**		
d) Fuelóleos pesados	**244.454**		
TOTAL	**904.344**		
34. Sulfuro de hidróxeno	**0,38**	5	20

Táboa 19. Substancias afectadas polo RD 840/2015 presentes en C.I. Repsol Petróleo, S.A

NOTAS:

- *As retencións máximas de metano (fuel-gas) e etano (distinto de gas natural) non se inclúen, ao considerar o Informe de Seguridade que non dan lugar a accidentes graves representativos.*
- *O butano olefínico e o isobutano inclúense como butano.*
- *O isopentano inclúese como nafta e gasolinas.*

Na imaxe que segue indícase a localización en planta das substancias clasificadas.



Figura 7. Localización substancias clasificadas no C.I. Repsol Petróleo, S.A.
(Elaboración propia, Mapa base: Ortofoto PNOA Centro Nacional de Información Geográfica)

Os tipos de almacenamento para líquidos e gases licuados son os seguintes:

- Tanques atmosféricos, que poden ser de diferentes tipos:
  - Verticais de teito fixo (en forma de cono ou redondeados). Almacénase neste tipo de tanques cru de petróleo, gasolinas e naftas, queroseno, gasóleo e fuelóleo.
  - Verticais de teito flotante (para evitar perdas de produto por evaporación), para almacenamento de cru de petróleo, etanol, gasolinas e naftas, queroseno e gasóleo.
  - Cilíndricos horizontais, xeralmente de pouca capacidade.

- Tanques a presión (ou refrixerados a presión). Distínguense os seguintes:
  - Cilíndricos horizontais, para capacidades non demasiado grandes.
  - Esféricos, para grandes capacidades e para o almacenamento de propano, propileno, butano e gasolinas e naftas.

2.1.3.4.MEDIOS E INSTALACIÓNS DE PROTECCIÓN

Os medios e instalacións de protección existentes no Complexo Industrial Repsol Petróleo, que aparecen descritos con maior profundidade no Plan de Emerxencia Interior da instalación (Novembro 2022, Rev. 15.0), están compostos principalmente por:

MEDIOS MATERIAIS DE DETECCIÓN

En áreas de almacenamento e de proceso, disponse de sistemas fixos de detección de inflamabilidade/explosividade e/ou tóxicos e, en función das necesidades, detectores de incendio.

Detección de inflamabilidade/explosividade

Detectores fixos de gases inflamables/explosivos, con sinal óptica e acústica en planta e Sala de Control.

Detección de Tóxicos

Detectores fixos de ácido sulfhídrico, con sinal óptica e acústica en planta e Sala de Control.

Detección de Incendios

Dous tipos de detección de incendios:

- Detectores de fume/calor térmicos ou iónicos, con alarma acústica en interior de edificios.
- Sistemas asociados a outros de protección con auga, escuma ou gas, con alarma acústica e activación de extinción/refrixeración/abatemento.

MEDIOS MATERIAIS DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS

Equipos Portátiles Contra Incendios

O Complexo conta con máis de 1.600 extintores de polvo químico e neve carbónica, dispostos segundo a carga térmica, en planta, edificios e outras dependencias. Así mesmo, dispone de dotación complementaria en almacéns e vehículos.

Instalacións Fixas de Protección Contra Incendios

As unidades de proceso, áreas de almacenamento e edificios están dotados de sistemas adecuados de protección contra incendios.

- Sistemas de refrixeración por diluvio de auga ou tubaxe seca.

  O propósito principal é protexer da radiación de calor e evitar o risco de BLEVE. Trátase de instalacións exteriores, con boquillas abertas, que poden ter asociado un sistema de detección (normalmente de tipo pneumático). Inclúense as cortinas de abatemento de gases inflamables/combustibles e seccionamento de áreas.

- Sistemas de inxección de escuma.

  Para a protección dos riscos asociados a líquidos inflamables/combustibles. A escuma formada inxectase ao interior de depósitos ou cubetos de contención. O sistema de subministración de espumóxeno é mediante depósitos fixos eu/o mediante camións contra incendios.

- Sistemas de extinción por inundación con gas.

  Localizados en subestacións, salas de ordenadores, casetas de analizadores, etc., para a extinción de incendios en dependencias con equipos que con outro axente extintor quedarían danados.

Vehículos contra incendios e outro material diverso

Os equipos móbiles e material diverso de que se dispón para a prevención e loita contra as emerxencias se resumen a continación:

- 7 camións contra incendios
- 1 camión multilift con brazo auto-basculante
- 2 cisternas de espumóxeno transportables de 10.500 L cada unha
- 2 cisternas de espumóxeno en remolque de 13.500 L cada unha
- 1 caseta transportable para o mando da emerxencia

- 1 isocontenedor de material de seguridade
- 1 isocontenedor de material de loita contra a contaminación mariña
- 3 remolques de gran capacidade para mangueiras de 150 mm
- 2 bombas portátiles MIRU
- 2 bombas HYTRANS somerxibles
- 2 remolcadores
- Mangueiras de 150 mm, 100 mm, 70 mm e 45 mm
- Monitores portátiles de 10.000 gpm, 6.000 gpm, 2.000 gpm, 1.000 gpm
- Lanzas de auga-escuma e de escuma de 45 mm

Rede Contra Incendios

Rede de auga, mallada, de tubaxes de aceiro ao carbono, de entre 8" e 24", dotada de:

- Bocas de incendios equipadas (BIEs) en edificios de oficinas, laboratorio, almacén e talleres.
- Hidrantes en unidades e parques de almacenamento.
- Monitores con cabeza de auga o auga-escuma en unidades y parque de tanques de almacenamento.
- Hidroshield entre unidades de proceso.
- Casetas con material contra incendios (mangueiras, lanzas, bifurcacións, reducións).

A RCI da servicio aos sistemas de diluvio/refrixeración con auga, sistemas de inxección e de escuma e combinados de auga-espuma.

2.1.3.5. ORGANIZACIÓN DA EMPRESA

PERSOAL/QUENDAS DE TRABALLO

O persoal do C.I. Repsol Petróleo, S.A. está composto por 556 traballadores, repartidos tal e como se indica na seguinte táboa:

PERSOAL	Nº TRABALLADORES
Persoal a xornada normal	238
Persoal a quendas	318 (53 por quenda)
PERSOAL TOTAL	**556**
Persoal máximo presente	293
Persoal mínimo presente	53

Táboa 20. Relación de persoal do C.I. Repsol Petróleo, S.A.

ORGANIZACIÓN DA SEGURIDADE

Control de accesos

Existen medios físicos de vixilancia en todas as entradas da instalación. Así mesmo, lévanse a cabo roldas de vixilancia ao longo do valado perimetral.

En canto a medios electrónicos, existe un sistema de control de presenza que capta e rexistra o acceso ao complexo tanto de visitas como de empregados e contratistas. Así mesmo, nas entradas da planta existen arcos detectores de metais, escáner e espellos para revisión de fondos de vehículos.

Por último, tamén se dispón, ao longo de todo o valado perimetral e accesos ao Complexo Industrial, dun sistema de cámaras de vixilancia centralizadas no CECON.

Actuación ante emerxencias

Móstrase a continuación de forma esquemática a estrutura organizativa do persoal do Complexo Industrial Repsol Petróleo, S.A. para os casos de emerxencia parcial e xeral:

- ***Emerxencia parcial***



Figura 8. Estrutura organizativa de Repsol Petróleo, S.A. en caso de emerxencia parcial

- ***Emerxencia xeral***



Figura 9. Estrutura organizativa de Repsol Petróleo, S.A. en caso de emerxencia xeral

2.2. ENTORNO DAS INSTALACIÓNS

As instalacións industriais incluídas no presente Plan de Emerxencia Exterior atópanse situadas no polígono Industrial de A Grela-Bens.

O polígono Industrial de A Grela-Bens está situado ao nordeste do municipio de A Coruña, ocupa aproximadamente unha superficie total de 1.400.000 m^2 e acolle máis de 550 empresas, compatibilizando tanto actividades industriais como comerciais.

Na seguinte imaxe móstrase a localización de cada unha das instalacións dentro do polígono Industrial:



Figura 10. Localización das instalacións PEE A Grela Bens
(Elaboración propia, Mapa base: Ortofoto PNOA Centro Nacional de Información Geográfica)

Nos seguintes apartados descríbese de forma detallada a localización de cada unha das instalacións incluídas no Plan de Emerxencia Exterior.

2.2.1. LOCALIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS

EXOLUM

As instalacións de almacenamento de Exolum están situadas no polígono de A Grela-Bens, na avenida de Fisterra, a 2,5 km ao suroeste de A Coruña, ocupando unha parcela de 35.508 m^2. Todo o perímetro da planta está valado mediante peche metálico.

As coordenadas xeográficas e UTM (Fuso 29) do acceso ás instalación son:

UTM (F29)		XEOGRÁFICAS	
X	Y	Latitude	Lonxitude
545.416	4.799.851	43º 21′ 1″ N	8º 26′ 23″ W

Táboa 21. Coordenadas de Exolum

A instalación linda ao norte coa estrada AC-415 e ao sur coa vía Lugar de San Xosé. A escasos metros da cara norte do establecemento localízase o Complexo Industrial Repsol Petróleo, S.A. e, na cara sur, as naves e infraestrutura da planta de produción de aluminio, actualmente inactiva.

Accesos

O acceso principal a Exolum atópase na cara norte da instalación, dispoñendo dunha entrada peonil (acceso 1), unha entrada/saída de vehículos (acceso 2) e unha entrada ao aparcamento de vehículos (acceso 3). A maiores, existe outro posible acceso/saída en caso de emerxencia situado na cara norte do establecemento (acceso 4).



Figura 11. Localización de accesos ás instalacións de Exolum
(Elaboración propia, Mapa base: Ortofoto PNOA Centro Nacional de Información Geográfica)

REPSOL BUTANO, S.A.

As instalacións de Repsol Butano. están encadradas na zona industrial do polígono de A Grela-Bens, ocupando unha superficie aproximada de 49.996 m^2.

As coordenadas UTM e as coordenadas Xeográficas (Fuso 29) do centro das instalacións, son as seguintes:

UTM (F29)		XEOGRÁFICAS	
X	Y	Latitude	Lonxitude
544.435	4.800.105	43º 21′ 3″ N	8º 27′ 15″ W

Táboa 22. Coordenadas de Repsol Butano.

A planta de Repsol Butano S. A. limita:

- Ao norte co monte de Os Castelos, coas instalacións da planta de tratamento de residuos de Nostián e coas instalacións do C.I. Repsol Petróleo, S.A. (parque de tanques de almacenamento).

- Ao sur coa estrada de Nostián, que separa as instalacións da Refinería, coa estrada A Coruña- Carballo e co núcleo urbano de Meicende.
- Ao este coas instalacións do C.I. Repsol Petróleo, S.A. (rack de tubaxes e parque de tanques de almacenamento), coa Avda. do Butano e co polígono empresarial de A Artística.
- Ao oeste co establecemento industrial de Froitomar e varias naves de servizos, co monte de Os Castelos e co núcleo de poboación de Nostián.

Accesos

O acceso ás instalacións realízase a través da estrada de A Coruña a Carballo (AC-415, travesía de Meicende) no seu cruce coa estrada Meicende/Nostián (Avda. do Butano), que chega ata a entrada da instalación.

O citado acceso está situado na cara oeste das instalacións. Trátase dun acceso peonil e rodado que dispón dunha entrada con dobre sistema de portas para entrada-saída, con dispositivo de porta corredera, con barreiras de entrada e saída e controlada por vixilancia situada desde a Sala de Control. O acceso permite o paso de vehículos de emerxencia.

Os accesos existentes no establecemento móstranse na seguinte imaxe:



Figura 12. Localización de accesos ás instalacións de Repsol Butano.
(Elaboración propia, Mapa base: Ortofoto PNOA Centro Nacional de Información Geográfica)

C.I. REPSOL PETRÓLEO

As instalacións de Repsol Petróleo, S.A. atópanse situadas nos vales de Bens e Nostián, nos termos municipais de A Coruña e Arteixo, a uns 3 km da cidade de A Coruña, e ocupando unha extensión aproximada de 1.500.000 m^2.

As coordenadas UTM e xeográficas (Fuso 29) do Complexo Industrial indícanse na táboa:

UTM (F29)		XEOGRÁFICAS	
X	Y	Latitude	Lonxitude
545.369	4.799.855	43º 21′ 0.64″	8º 26′ 24.7″

Táboa 23. Coordenadas de Repsol Petróleo

Accesos

O acceso ás instalacións de Repsol Petróleo, S.A. pódese realizar desde dous puntos: a entrada principal, na zona de Bens, desde a Avda. Fisterra (AC-415), e outra na zona de Nostián que se realiza desde a estrada Meicende/Nostián.

En ambas as dúas entradas existen medios físicos de vixilancia para o control dos accesos.



Figura 13. Localización de accesos ao C.I. Repsol Petróleo, S.A.
(Elaboración propia, Mapa base: Ortofoto PNOA Centro Nacional de Información Geográfica)

2.2.2. ÁMBITO XEOGRÁFICO

2.2.2.1. Xeografía

Como xa se indicou en apartados anteriores, as instalacións incluídas no ámbito do Plan de Emerxencia Exterior atópanse localizadas entre os concellos de A Coruña e Arteixo (no caso deste último, aséntase sobre o seu territorio a parte suroeste das instalacións do C.I. Repsol Petróleo).

A área na que se atopan as instalacións ocupa un terreo case totalmente chairo, practicamente a nivel do mar, rodeada polo norte, oeste e sur polos montes Cortigueiro e Castelos (A Coruña), Monticaño (Arteixo) e A Fieiteira (entre Arteixo e A Coruña). O val, na súa parte nordeste, entre os montes antes mencionados, ábrese cara o Océano Atlántico.



Figura 14. Modelo dixital de elevacións da contorna das instalacións
(Elaboración propia, Mapa base: Modelo Dixital de Elevacións - Centro Nacional de Información Geográfica)

O concello de A Coruña, cunha extensión de 37,83 km^2, localízase ao noroeste da provincia do mesmo nome, lindando ao norte co Océano Atlántico, ao leste coa ría de A Coruña e o

concello de Oleiros, ao sur co concello de Culleredo e ao oeste co termo municipal de Arteixo.

O municipio presenta unha orografía peculiar, formando unha península de istmo chairo e outeiros pouco escarpados creados na era arcaica. As altitudes do territorio non son moi destacadas, incrementándose a cota de altura cara o interior en dirección suroeste. As zonas de menor altura atópanse no val do río Monelos, presentando a práctica totalidade do resto do concello un perfil ondulado con multitude de suaves outeiros, entre os que destacan o parque de Bens, monte de San Pedro e os outeiros de Santa Margarida e Eirís.

No interior, o concello está delimitado por unha coroa semicircular de montes, sendo a altura principal do municipio o Monte das Arcas (289 m) e destacando, tamén, os montes de Fieiteira, San Pedro, Cortigueiro, Castelos e Penamoa.

Pola súa parte, o concello de Arteixo, situado no extremo máis occidental do golfo Ártabro, posúe unha extensión de 93,68 km^2. Os seus límites son, polo noroeste co concello de A Coruña, polo oeste con Culleredo e polo sur e o leste co concello de Laracha.

Desde o punto de vista xeográfico, Arteixo caracterízase polo contraste entre a morfoloxía costeira e a morfoloxía de interior dominada por vales abrigados por cortadas ladeiras. O relevo do municipio presenta un perfil suavemente ondulado, alternando montes e vales, que descende de altitude ao aproximarse ao mar.

Conta con montes de certa altura como Santa Locaia (446 m), ou a serra da Estrela cos montes da Garaviteira en Larín (263 m) e A Ibia, O Freixal e O Pico de Corteo en Monteagudo (de 224, 262 e 239 m respectivamente). O territorio do municipio está cortado polos vales de Armentón/Barrañán, Arteixo, Oseiro e polas valgadas de Sorrizo, Pastoriza e Meicende.



Figura 15. Relevo concellos de A Coruña e Arteixo
(Elaboración propia, Mapa base: Ortofoto PNOA Centro Nacional de Información Geográfica)

2.2.2.2.Demografía

Os concellos de A Coruña e Arteixo pertencen ambos á comarca de A Coruña que, cunha poboación total de 410.413 habitantes é a segunda comarca máis poboada de Galicia por detrás da comarca de Vigo.

Dentro desta comarca, o concello de A Coruña configúrase como municipio cabeceira da mesma, sendo o que ten maior peso demográfico, seguido por Oleiros e Arteixo, que se atopa en terceiro lugar en canto ao número de habitantes.

Na seguinte táboa móstranse os datos de poboación e densidade dos concellos:

	Nº Habitantes	Densidade (hab/km²)
A CORUÑA	249.261	6.588,98
ARTEIXO	34.038	363,03

Táboa 24. Poboación concellos afectados polo PEE
Fonte: Instituto Nacional de Estadística (2024)

En canto a súa división territorial, o concello de A Coruña está conformado por cinco parroquias: Elviña (San Vicenzo), Oza (Santa María), A Coruña, San Cristovo das Viñas (San Cristovo) e Visma (San Pedro).

Pola súa parte, o municipio de Arteixo atópase dividido en 13 parroquias, das que seis se encontran na zona interior: Loureda, Monteagudo, Morás, Lañas, Armentón e Larín; e sete na zona de costa: A Pastoriza, Suevos, Oseiro, Arteixo, Barrañán, Chamín e Sorrizo.

No anexo 1 achégase cartografía coa localización dos concellos de A Coruña e Arteixo e a distribución das diferentes parroquias que conforman cada un dos municipios.

A poboación existente nos núcleos máis próximos ás instalacións reflíctese na seguinte táboa:

CONCELLO	NÚCLEO	Nº HABITANTES
ARTEIXO	A Pastoriza	3.679
	Meicende	4.095
	Borroa	24
	Naia	15
A CORUÑA	A Coruña	212.307
	Bens	126
	Nostián	46
	Mazaído	126
	Comeanda	89
	A Silva	158
	A Grela	2.756
	Visma	2.183
	San Cristovo das Viñas	93
	A Moura	35

Táboa 25. Poboación de núcleos próximos
Instituto Nacional de Estadística (2023)

É importante ter en conta, pola súa importancia á hora de coñecer a poboación afectada, o saldo poboacional motivado polos horarios das industrias emprazadas no polígono industrial. Na seguinte táboa, móstrase a carga de poboación real que soportan os

concellos tendo en conta a poboación residente e os saldos poboacionais por motivos de turismo, saúde, segundas vivendas, **traballo** e estudos.

Concello Arteixo	Trimestre	Carga Poboación	Residentes	Turismo	Segundas vivendas	Estudos	Traballo	Saúde
	1º trimestre	32.968	33.035	-91	52	-623	**679**	-84
	2º trimestre	33.024	33.171	-348	72	-539	**749**	-81
	3º trimestre	34.197	33.306	-364	842	-176	**659**	-70
	4º trimestre	34.344	33.442	-251	149	-599	**1678**	-75

Concello A Coruña	Trimestre	Carga Poboación	Residentes	Turismo	Segundas vivendas	Estudos	Traballo	Saúde
	1º trimestre	257.045	244.801	-385	-2.186	5.143	**8.673**	999
	2º trimestre	258.600	245.529	1081	-1.842	4.074	**8.762**	996
	3º trimestre	257.821	246.258	-618	1.672	1.662	**7.983**	864
	4º trimestre	261.789	246.986	992	-1.133	5.244	**8.842**	858

Táboa 26. Carga de poboación concellos afectados polo PEE
Fonte: Instituto Galego de Estatística (2022)

2.2.2.3.Xeoloxía

Dentro do marco xeolóxico xeral, os concellos de A Coruña e Arteixo, están situados no Macizo Ibérico, pertencendo á unidade xeolóxica de Galicia Tras-Os-Montes.

A zona sobre a que se asentan as instalacións, así como o seu entorno máis próximo, está composta principalmente por un conxunto de macizos graníticos que afloran ao oeste da cidade de A Coruña, onde se recoñecen ata catro tipos de granitos: *ortogneises, granodioritas precoces, leucogranitos e granodioritas tardías*, formando unha gran banda en dirección NNE-SSO, que en A Coruña ten ao redor de 8 km que adelgaza tanto ao norte como ao sur.

Esta composición xeolóxica tradúcese nun terreo rochoso, formado por chans de escasa profundidade, caracterizados por posuír unha capa de humus de pouco espesor e unha vexetación baixa que deixa ao descuberto en moitas partes a roca subxacente.

2.2.2.4. Hidroloxía

O concello de A Coruña, atópase rodeado en case toda a súa totalidade polo Océano Atlántico, ao leste pola enseada de Orzán-Riazor, e ao oeste pola ría de A Coruña.

Os cursos fluviais do concello están, na súa maior parte canalizados. Os cursos fluviais sen canalizar atópanse principalmente na parte sur do territorio: o Feáns, Rego de Moitos e Rego de Conxes e o Monelos.

O principal recurso fluvial do municipio é o río Monelos (denominado Mesoiro ao atravesar esta zona). Nace na parroquia de San Vicenzo de Elviña, e unha vez que o seu traxecto chega ao polígono de POCOMACO discorre por canalización subterránea ata desembocar no peirao de San Diego, no porto de A Coruña.

En canto ao concello de Arteixo, a súa rede hidrográfica está constituída principalmente por ríos e arroios de pequeno recorrido que desembocan rapidamente no mar, destacando os cursos fluviais dos ríos Arteixo e Seixedo, sendo este último o que abastece ao encoro de Rexedoiro.

O río Seixedo desemboca no mar ao través da praia de Alba. A súa canle ten unha lonxitude total de 10.2 km, sendo a superficie total da súa bacía de 30.85 km^2. Entre os seus afluentes destaca o arroio de As Teixueiras, que transcorre paralelo á autopista AG-55, ata a súa confluencia co Seixedo na zona de Aguceira.

O río Arteixo nace no concello limítrofe de Culleredo. Logo dun corto percorrido entra no municipio de Arteixo e, tras un recorrido aproximado de 9 km, desemboca no mar polo extremo occidental da praia de Alba. A súa canle discorre ao oeste das instalacións, aproximadamente a 10 m das mesmas.

A maiores, existen outras canles de menor entidade como son os arroios de A Cortiña e de Sisalde, que desembocan ao este de Punta Langosteira e ao este da praia de Barrañán, respectivamente.

O medio acuífero representativo da zona é o anteriormente citado encoro de Meicende, situado a 1.500 m, cun depósito para proporcionar auga e electricidade (mediante unha mini central eléctrica). O acuífero forma parte da área recreativa de Meicende, de grandes espazos verdes e cunha ampla poboación de aves.

A rede hidrolóxica e as masas de auga máis importantes reflíctense na seguinte imaxe:



Figura 16. Rede hidrolóxica dos concellos de Arteixo e A Coruña

2.2.2.5. Meteoroloxía

Para o estudo da meteoroloxía da zona de influencia empréganse os datos da estación meteorolóxica de A Coruña. A localización exacta da estación é a indicada na seguinte táboa:

ESTACIÓN	LATITUDE	LONXITUDE	ALTITUDE (M)
A Coruña	43º 22' 02''	08º 25' 10''	58

Táboa 27. Localización estación meteorolóxica

En xeral, pódese resumir que o clima é o resultado da combinación de tres factores: a latitude, a proximidade ao mar e o relevo. A climatoloxía da zona, ao tratarse dunha zona costeira, non presenta unha gran diferenza de temperatura entra as distintas estacións do ano.

O clima da zona é de tipo atlántico europeo, caracterizado por ter temperaturas suaves e con pouca oscilación térmica e choivas todo o ano, máis abundantes nos meses de novembro e decembro, sendo os meses de verán os menos chuviosos. Presenta

numerosos días de brétema durante o inverno así como gran humidade por mor da súa proximidade á beiramar.

Achégase como anexo (Anexo 4) a caracterización meteorolóxica da zona, proporcionada pola AEMET - Agencia Estatal de Meteorología (Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico).

2.2.3. CONTORNA NATURAL, HISTÓRICA E CULTURAL

2.2.3.1. Entorno natural

Entre os espazos naturais situados nas proximidades das instalacións, cabe destacar o LIC/ZEPA Costa da Morte (a aproximadamente 5 km pola costa en dirección Arteixo), declarado como tal no ano 2004, e que forma parte da Rede Natura 2000. Este Lugar de Importancia Comunitaria está declarado como Zona de Especial Protección dos Valores Naturais, ademais de coincidir parcialmente cos límites da Zona de Especial Protección de Aves (ZEPA) Costa da Morte (Norte).

A maior distancia, atópase o LIC Costa de Dexo (a máis de 10 km en liña recta, en dirección nordeste, cruzando a ría cara Mera) e o LIC Encoro de Abegondo-Cecebre (aproximadamente a 15 km en dirección sueste). Sen embargo, debido á distancia á que se atopan non se considera que exista probabilidade de xerar afectacións sobre os mesmos en caso de accidente.

En canto aos espazos naturais, a totalidade do territorio do concello de Arteixo está incluído na Reserva da Biosfera *Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo*.



Figura 17. Espazos naturais dos concellos de Arteixo e A Coruña

Outros elementos do entorno natural próximos ás instalacións son os seguintes:

- A propia costa mariña, inmediatamente exposta aos posibles fenómenos perigosos asociados ás instalacións. Existen numerosas praias en ambos os dous concellos, destacando Riazor-Orzán, Oza e Matadero en A Coruña, e Barrañán, Area Grande e Alba no municipio de Arteixo.
- Monte de San Pedro, a 2,1 km do Complexo Industrial.
- Monte de Bens (antigo vertedoiro, actualmente selado) a 700 m do Complexo Industrial.
- Encoro de Meicende (onde se atopan diferentes especies de aves), situado a uns 1,1 km ao suroeste da planta. Incluído no Catálogo de Humidais de Galicia.
- Parque forestal de Monticaño, a 730 m, con numerosa vexetación e no que se atopa o Museo Ambiental do Parque Forestal Monticaño.
- Monte Castelo, a 600 m en Arteixo.
- Monte Cortigueiro, a 400 m situado na zona de Bens.

2.2.3.2.Patrimonio histórico-cultural

Existen nos municipios afectados numerosos elementos patrimoniais. Para o caso do concello de A Coruña cabe destacar os seguintes:

- Torre de Hércules. Declarada Patrimonio da Humanidade no ano 2009. É o faro romano máis antigo do mundo e o único que se conserva en servizo. O revestimento exterior actual é do século XVIII. Atópase aproximadamente a 4,5 km das instalacións.
- Pazo Municipal (Concello) e Praza de María Pita. Edificio modernista construído entre os anos 1908 e 1912, que ocupa o fronte norte da praza de María Pita.
- Casa Museo de Emilia Pardo Bazán. Vivenda familiar da Condesa, construída no século XVII. Actualmente comparte dependencias coa Real Academia Galega.
- Castelo de San Antón. Fortaleza construída no século XVI; entre os séculos XVI e XVIII foi empregado como edificio defensivo e prisión. Considérase monumento histórico-artístico desde o ano 1994. Atópase aproximadamente a 4,4 km das instalacións.
- Castro de Elviña. Poboado protohistórico habitado entre os séculos III a.C. e IV d.C. Consta de tres recintos amurallados e o seu espazo habitado excede as 4 ha, sendo un dos máis grandes da Galicia setentrional. Está declarado Ben de Interese Cultural.
- Murallas da Cidade Vella. Correspóndense co primitivo asentamento da cidade e están declaradas Monumento Histórico-Artístico. Tiveron a súa orixe no reinado de Henrique III, nos últimos anos do s.XIV. Consérvanse restos de murallas defensivas, así como tres portas que abrían a cidade ao mar ao longo do paseo do Parrote. Tamén se conserva o baluarte coñecido como a Fortaleza Vella, actual xardín de San Carlos.

Pola súa parte, o municipio de Arteixo conta con numerosos elementos patrimoniais, entre os que cabe destacar a Ponte dos Brozos, sobre o que existen distintas apreciacións respecto ao seu estilo e datación (créese que unha vía romana atravesaba o municipio). Levantada mediante unha curiosa sillería, deixa dous vanos con luces de 4,40 m e mostra un lixeiro peralte con ramplas de acceso.

Na contorna histórica do concello existen restos arqueolóxicos que se atopan detallados no Inventario de Xacementos Arqueolóxicos da Xunta de Galicia.

Así mesmo, existen no municipio varios pazos, destacando o Pazo do Atín (Loureda), Pazo de Anzobre (Armentón), Pazo de Mosende (Lañas) e Pazo das Covadas (Sorrizo).

Entre os monumentos relixiosos presentes no municipio destacan:

- Santuario de Pastoriza. Igrexa barroca (s. XVII).
- Igrexa de Santo Tirso de Oseiro, románica do século XII.
- Igrexa de Santa Mariña de Lañas, románica do século XII e principios do século XIII.
- Igrexa de San Tomé de Monteagudo, románica do século XII.

Ademais do anterior, mencionar a existencia dun balneario, no centro da cidade, cuxa existencia remóntase ao año 1760. Reconstruíuse a principios do século XX figurando nunha inscrición o ano 1899.

2.2.4. CONTORNA INDUSTRIAL

Como xa se indicou en apartados anteriores, as instalacións incluídas no PEE localízanse no polígono industrial de A Grela-Bens. O polígono emprázase ao oeste da cidade de A Coruña, limitando ao norte coa avenida de Fisterra, ao sur coa avenida de Arteixo e a estrada de Baños de Arteixo, ao leste conecta coa Rolda de Outeiro e ao oeste coa Terceira rolda. O devandito polígono conta actualmente con 1.421.818 m^2 de extensión, con máis de 550 empresas de numerosos sectores, destacando as de tipo comercial, almacén e servizos.

A maiores deste polígono industrial, no municipio de A Coruña cabe destacar o polígono industrial de POCOMACO, situado no vale de Mesoiro a 5 km do centro da cidade. Conta con aproximadamente 340 empresas, principalmente de alimentación, transporte e distribución de mercadorías.

Por último, débese mencionar, pola súa proximidade ás instalacións, o polígono industrial de A Artística, que se atopa practicamente envolto polo C.I. Repsol Petróleo, S.A., entre a zona de Bens e a zona de Nostián.

No caso do concello de Arteixo, atópase o polígono industrial de Sabón, situado aproximadamente a 4 km das instalacións, en dirección sur. Constituído como unha das contornas industriais máis importantes da provincia, conta cunha superficie total de 3.287.910 m^2, e actualmente están establecidas no mesmo ao redor de 100 empresas, destacando entre todas elas Inditex, principal motor económico do polígono e do concello.

Localízase tamén en Arteixo o polígono Industrial de Morás que conta, sumando as súas catro fases, cunha superficie total aproximada de un millón e medio de metros cadrados e no que actualmente xa se traballa na urbanización da última fase e se comezaron a instalar as primeiras empresas.

2.2.5. REDE VIARIA

Ambos concellos posúen unha moi boa rede de comunicacións. En concreto, as vías de comunicación próximas ás instalacións son as seguintes:

- AC-415 (Avda. de Fisterra): Atravesa o polígono industrial (entre o C.I. de Repsol Petróleo, S.A. e Exolum).
- AC-552: Estrada A Coruña (A Grela) - Cee.
- AG-55: Autoestrada A Coruña - Carballo.
- A-6: Autovía A Coruña - Madrid
- AP-9: autoestrada Ferrol-Tui
- N-VI: estrada Nacional A Coruña-Madrid
- AC-14: autovía de acceso a Coruña
- V-14: autovía urbana A Coruña (Terceira Rolda)
- AC-15: autovía de acceso ao porto exterior de A Coruña (Punta Langosteira)

Do resto da reda viaria, destacar as Avenidas de Nostián e Borroa e a Estrada de Bens, que rodean o Complexo Industrial de Repsol Petróleo, S.A.

Completa o servizo de transportes a proximidade tanto do aeroporto de Alvedro, situado a 8 km das instalacións, como das liñas férreas A Coruña-Madrid e A Coruña-Vigo, coa estación de ferrocarril de A Coruña a unha distancia aproximada de 2,3 km.

A rede viaria móstrase na seguinte imaxe:



Figura 18. Rede viaria

(Elaboración propia, Mapa base: Ortofoto PNOA Centro Nacional de Información Geográfica)

No anexo 1 achégase plano a maior escala da rede viaria.

2.2.6. REDE DE ASISTENCIA SANITARIA

Os centros de saúde para a prestación de asistencia sanitaria máis próximos ás instalación, son os seguintes:

- Consultorio Meicende

  Travesía de Meicende, 54 (15008, Arteixo)

  Tfno.: 981 148 071

  Distancia aprox.: 4 km

- Centro de Saúde Arteixo

  Travesía de Arteixo, 278 (15142, Arteixo)

  Tfno.: 981 640 364

  Distancia aprox.: 2 km

- Centro de saúde O Ventorrillo

  Avda. Fisterra, 316 (15010, A Coruña)

  Tlfno. 981 142 850

  Distancia aprox.: 2,8 km

- Centro de saúde Elviña-Mesoiro

  R/ Alexander Von Humboldt, s/n (15008, A Coruña)

  Tlfno.: 981 247 688

  Distancia aprox.: 3,1 km

- Centro de saúde Novo Mesoiro

  R/ Os Ancares, 2 (15190, A Coruña)

  Tlfno.: 981 081 899

  Distancia aprox.: 3 km

- Centro de saúde Federico Tapia

  R/ Federico Tapia, 73 (15005, A Coruña)

  Tlfno.: 981 241 023

  Distancia aprox.: 3,9 km

- Centro de saúde Labañou

  R/ Honduras, s/n (15011, A Coruña)

  Tlfno.: 981 268 384

  Distancia aprox.: 3,8 km

- Centro de saúde Abente e Lago (antigo Hospital Militar)

  Paseo Sir John Moore, 2 (15001, A Coruña)

  Tlfno. 981 202 622

  Distancia aprox.: 6,1 km

- Centro de saúde Casa do Mar

  Avda. do Exército, 2 (15006, A Coruña)

Tlfno.: 981 170 359

Distancia aprox.: 4,2 km

- Centro de saúde Os Rosales

  R/ Alfonso Rodríguez Castelao, s/n (15011, A Coruña)

  Tlfno. 981 647 851

  Distancia aprox.: 3,7 km

En canto aos servizos hospitalarios, os centros máis próximos atópanse localizados na cidade de A Coruña. Son os detallados a continuación:

- Complexo Hospitalario Universitario A Coruña

  As Xubias de Arriba, 84 15006, A Coruña

  Tfno. 981 178 000

  Distancia aprox.: 10 km

- Hospital San Rafael

  As Xubias de Arriba, 82 15006, A Coruña

  Tfno. 981 179 000

  Distancia aprox.: 10 km

- Hospital Teresa Herrera (Materno-Infantil)

  As Xubias de Arriba, s/n 15006, A Coruña

  Tfno. 981 178 000

  Distancia aprox.: 10 km

- Grupo Hospitalario Modelo

  Rúa Virrei Osorio, 30 15011, A Coruña

  Tfno. 981 147 300

  Distancia aprox.: 9 km

- Hospital Abente e Lago

  Paseo Xeneral Sir John Moore, s/n 15001, A Coruña

  Tfno. 981 178 000

Distancia aprox.: 11,1 km

- Grupo Quirón A Coruña

  Rúa Londres, 2 15009, A Coruña

  Tfno. 981 219 800

  Distancia aprox.: 9 km

Na seguinte imaxe indícase a localización dos centros de saúde e hospitais máis próximos as instalacións:



Figura 19. Rede de asistencia sanitaria

(Elaboración propia, Mapa base: Ortofoto PNOA Centro Nacional de Información Geográfica)

2.2.7. REDE DE SANEAMENTO

As tubaxes que abastecen ao polígono de A Grela-Bens discorren ao longo da avenida de Fisterra, desde o depósito localizado en O Ventorrillo ata o da refinería, pasada a estrada de Bens.

O primeiro tramo de tubaxe, desde o depósito ata a rúa Pasteur, é de fundición dúctil de diámetro 0,5 m. No segundo tramo, ata o depósito da refinería, é de formigón de 0,5 m.

No anexo 10 achégase plano da rede de saneamento da zona proporcionado polo concello de A Coruña.

2.2.8. INSTALACIÓNS SINGULARES

Entre as instalacións singulares existentes no ámbito de influencia do polígono Industrial, pódense destacar:

- Mini-central eléctrica no encoro de Meicende, aproximadamente a 1,1 km.
- Planta de tratamento de Residuos Sólidos Urbanos, no lugar de Nostián a 300 m en dirección noroeste.
- Estación depuradora de augas residuais de A Coruña, localizada en Bens a 400 m en dirección norte.
- Porto exterior de A Coruña, situado en Punta Langosteira no municipio de Arteixo, cunha extensión de 3,62 km^2.
- Complexo Marineda City e IKEA, ao lado do polígono de A Grela-Bens, a menos de 500 m das instalacións e cunha superficie de 500.000 m^2.

Así mesmo, nas inmediacións das instalacións atópanse as instalacións do campo de fútbol de Meicende.

3. BASES E CRITERIOS

3.1. IDENTIFICACIÓN DO RISCO

Descríbense neste apartado tanto os riscos asociados aos produtos presentes en cada unha das instalacións que forman parte deste Plan de Emerxencia Exterior como os riscos asociados á tipoloxía das instalacións.

3.1.1. RISCOS ASOCIADOS AOS PRODUTOS

Os riscos asociados aos produtos pódense prever estudando as propiedades de perigosidade dos mesmos, que proporcionan información sobre que tipo de fenómeno perigoso é susceptible de producirse con cada un dos produtos presentes no establecementos incluídos no PEE.

EXOLUM

As substancias clasificadas segundo o Real Decreto 840/2015 presentes na planta de Exolum en cantidades superiores aos limiares establecidos no anexo I do mesmo, e as súas propiedades principais de perigosidade son as seguintes:

SUBSTANCIA	IDENTIFICACIÓN DA SUBSTANCIA SEGUNDO REAL DECRETO 840/2015	PRINCIPAIS PROPIEDADES DE PERIGOSIDADE
BIOETANOL	**Parte 1. Sección P. Perigos físicos** Categoría P5c. Líquidos inflamables	H225: Líquido e vapores moi inflamables H319: Provoca irritación ocular grave
GASOLINA	**Parte 2. Substancias perigosas nomeadas** Produtos derivados do petróleo e combustibles alternativos (a. Gasolinas e naftas)	H224: Líquido e vapores extremadamente inflamables H304: Pode ser mortal en caso de inxestión e penetración nas vías respiratorias H315: Provoca irritacións na pel H336: Pode provocar somnolencia ou vertixe H340: Pode provocar defectos xenéticos H350: Pode provocar cancro H361: Sospeitase que prexudica á fertilidade ou dana ao feto H411: Tóxico para os organismos acuáticos, con efectos nocivos duradeiros

SUBSTANCIA	IDENTIFICACIÓN DA SUBSTANCIA SEGUNDO REAL DECRETO 840/2015	PRINCIPAIS PROPIEDADES DE PERIGOSIDADE
JetA1 (QUEROSENO)	**Parte 2. Substancias perigosas nomeadas** Produtos derivados do petróleo e combustibles alternativos (b. Querosenos)	H226: Líquido e vapores inflamables H304: Pode ser mortal en caso de inxestión e penetración nas vías respiratorias H315: Provoca irritacións na pel H319: Provoca irritación ocular grave H336: Pode provocar somnolencia ou vertixe H411: Tóxico para os organismos acuáticos, con efectos nocivos duradeiros
GASÓLEO	**Parte 2. Substancias perigosas nomeadas** Produtos derivados do petróleo e combustibles alternativos (c. Gasóleos)	H226: Líquido e vapores inflamables H304: Pode ser mortal en caso de inxestión e penetración nas vías respiratorias H315: Provoca irritacións na pel H332: Nocivo se é inhalado H351: Sospeitase que provoca cancro H373: Pode provocar danos nos órganos tras exposicións prolongadas ou repetidas H411: Tóxico para os organismos acuáticos, con efectos nocivos duradeiros

Táboa 28. Perigosidade das substancias identificadas en Exolum

Tal e como se mencionou no apartado 2.1.1.3, na instalación almacénanse cantidades moi reducidas de aditivos para os diferentes combustibles. Sen embargo, non se teñen en conta na análise de riscos xa que as mesmas non incorporan riscos adicionais ás substancias representativas da actividade.

REPSOL BUTANO

No caso de Repsol Butano. as substancias clasificadas existentes nas instalacións e as súas propiedades principais de perigosidade son as seguintes:

SUBSTANCIA	IDENTIFICACIÓN DA SUBSTANCIA SEGUNDO REAL DECRETO 840/2015	PRINCIPAIS PROPIEDADES DE PERIGOSIDADE
ETILMERCAPTANO	**Parte 1. Sección E. Perigos para o medio ambiente** Categoría E1. Perigoso para o medio ambiente acuático nas categorías aguda 1 ou crónica 1	H224: Líquido e vapores inflamables H302: Nocivo en caso de inxestión H317: Pode provocar unha reacción alérxica na pel H332: Nocivo en caso de inhalación H410: Moi tóxico para os organismos acuáticos, con efectos nocivos duradeiros

SUBSTANCIA	IDENTIFICACIÓN DA SUBSTANCIA SEGUNDO REAL DECRETO 840/2015	PRINCIPAIS PROPIEDADES DE PERIGOSIDADE
BUTANO	**Parte 2. Substancias perigosas nomeadas** Gases inflamables licuados das categorías 1 ou 2	H220: Gas extremadamente inflamable H280: Contén gas a presión; perigo de explosión en caso de quentamento
PROPANO	**Parte 2. Substancias perigosas nomeadas** Gases inflamables licuados das categorías 1 ou 2	H220: Gas extremadamente inflamable H280: Contén gas a presión; perigo de explosión en caso de quentamento
MESTURA AUTOMOCIÓN	**Parte 2. Substancias perigosas nomeadas** Gases inflamables licuados das categorías 1 ou 2	H280: Contén gas a presión; perigo de explosión en caso de quentamento

Táboa 29. Perigosidade das substancias identificadas en Repsol Butano.

No apartado 2.1.2.3 indicábanse como substancias presentes na instalación o gasóleo e o hipoclorito de sodio. Sen embargo, as devanditas substancias descártanse do estudo a tenor de que se atopan en cantidades inferiores ao 2% do limiar fixado no Real Decreto 840/2015, polo que non se consideran substancias susceptibles de xerar accidentes graves.

C.I. REPSOL PETRÓLEO

As substancias clasificadas segundo o R.D. 840/2015 presentes no C.I. Repsol Petróleo, e as súas propiedades principais de perigosidade son:

SUBSTANCIA	IDENTIFICACIÓN DA SUBSTANCIA SEGUNDO REAL DECRETO 840/2015	PRINCIPAIS PROPIEDADES DE PERIGOSIDADE
CRÚ DE PETRÓLEO	**Parte 1. Sección P. Perigos físicos** Categoría P5a. Líquidos inflamables	H224: Líquido e vapores extremadamente inflamables H304: Pode ser mortal en caso de inxestión e penetración nas vías respiratorias H319: Provoca irritación ocular grave H336: Pode provocar somnolencia ou vertixe H350: Pode provocar cancro H373: Pode provocar danos no sangue, timo, estómago, ril, fígado, nódulos linfáticos, glándulas suprarrenais e medula ósea tras exposicións prolongadas ou repetidas

SUBSTANCIA	IDENTIFICACIÓN DA SUBSTANCIA SEGUNDO REAL DECRETO 840/2015	PRINCIPAIS PROPIEDADES DE PERIGOSIDADE
		H411: Moi tóxico para os organismos acuáticos, con efectos nocivos duradeiros
ETANOL	**Parte 1. Sección P. Perigos físicos** Categoría P5c. Líquidos inflamables	H225: Líquido e vapores moi inflamables H336: Pode provocar somnolencia ou vertixe
ETBE	**Parte 1. Sección P. Perigos físicos** Categoría P5c. Líquidos inflamables	H225: Líquido e vapores moi inflamables H336: Pode provocar somnolencia ou vertixe
BUTANO	**Parte 2. Substancias perigosas nomeadas** Gases inflamables licuados das categorías 1 ou 2	H220: Gas extremadamente inflamable H280: Contén gas a presión; perigo de explosión en caso de quentamento
PROPANO	**Parte 2. Substancias perigosas nomeadas** Gases inflamables licuados das categorías 1 ou 2	H220: Gas extremadamente inflamable H280: Contén gas a presión; perigo de explosión en caso de quentamento
PROPILENO	**Parte 2. Substancias perigosas nomeadas** Gases inflamables licuados das categorías 1 ou 2	H220: Gas extremadamente inflamable
BUTENO	**Parte 2. Substancias perigosas nomeadas** Gases inflamables licuados das categorías 1 ou 2	H220: Gas extremadamente inflamable H340: Pode provocar defectos xenéticos H350: Pode provocar cancro
FRACCIÓN C4	**Parte 2. Substancias perigosas nomeadas** Gases inflamables licuados das categorías 1 ou 2	H220: Gas extremadamente inflamable H340: Pode provocar defectos xenéticos H350: Pode provocar cancro
GAS NATURAL	**Parte 2. Substancias perigosas nomeadas** Gases inflamables licuados das categorías 1 ou 2	H220: Gas extremadamente inflamable
GASOLINA	**Parte 2. Substancias perigosas nomeadas** Produtos derivados do petróleo e combustibles alternativos (a. Gasolinas e naftas)	H224: Líquido e vapores extremadamente inflamables H304: Pode ser mortal en caso de inxestión e penetración nas vías respiratorias H315: Provoca irritacións na pel H336: Pode provocar somnolencia ou vertixe H340: Pode provocar defectos xenéticos H350: Pode provocar cancro H361: Sospeitase que prexudica á fertilidade ou dana ao feto

SUBSTANCIA	IDENTIFICACIÓN DA SUBSTANCIA SEGUNDO REAL DECRETO 840/2015	PRINCIPAIS PROPIEDADES DE PERIGOSIDADE
		H411: Tóxico para os organismos acuáticos, con efectos nocivos duradeiros
QUEROSENO	**Parte 2. Substancias perigosas nomeadas** Produtos derivados do petróleo e combustibles alternativos (b. Querosenos)	H226: Líquido e vapores inflamables H304: Pode ser mortal en caso de inxestión e penetración nas vías respiratorias H315: Provoca irritacións na pel H319: Provoca irritación ocular grave H336: Pode provocar somnolencia ou vertixe H411: Tóxico para os organismos acuáticos, con efectos nocivos duradeiros
GASÓLEO	**Parte 2. Substancias perigosas nomeadas** Produtos derivados do petróleo e combustibles alternativos (c. Gasóleos)	H226: Líquido e vapores inflamables H304: Pode ser mortal en caso de inxestión e penetración nas vías respiratorias H315: Provoca irritacións na pel H332: Nocivo se é inhalado H351: Sospeitase que provoca cancro H373: Pode provocar danos nos órganos tras exposicións prolongadas ou repetidas H411: Tóxico para os organismos acuáticos, con efectos nocivos duradeiros
FUELÓLEO	**Parte 2. Substancias perigosas nomeadas** Produtos derivados do petróleo e combustibles alternativos (D. Fuelóleos pesados)	H332: Nocivo en caso de inhalación H361d: Sospeitase que danar ao feto H350: Pode provocar cancro H373: Pode provocar danos no sangue, timo, estómago, ril, fígado, nódulos linfáticos, glándulas suprarrenais e medula ósea tras exposicións prolongadas ou repetidas H410: Moi tóxico para os organismos acuáticos, con efectos nocivos duradeiros
SULFURO DE HIDRÓXENO	**Parte 2. Substancias perigosas nomeadas** Sulfuro de hidróxeno	H220: Gas extremadamente inflamable H330: Mortal en caso de inhalación H400: Moi tóxico para os organismos acuáticos

Táboa 30. Perigosidade das substancias identificadas no C.I. Repsol Petróleo, S.A.

No Anexo 3 achéganse as fichas de datos de seguridade de cada unha das substancias enumeradas presentes nas instalacións incluídas neste PEE.

En condicións normais de operación os produtos que se procesan ou almacenan non manifestan a súa perigosidade intrínseca de inflamabilidade ou toxicidade. Unicamente, no caso dunha situación accidental que supoña a saída ao exterior do produto de xeito incontrolado e masivo, pode manifestarse esta perigosidade, coa posibilidade de que se desenvolva algún tipo de accidente.

En función das características dos produtos existentes nas instalacións, defínense os posibles tipos de escenarios máis frecuentes que poden desenvolverse en caso de accidente:

- Líquidos combustibles. Aqueles que requiren ser quentados por riba da temperatura ambiente para entrar en combustión en presenza dun punto de ignición. O inicio da combustión a temperaturas máis baixas pode ser forzada si se lles engade un produto inflamable. O escenario máis usual é o incendio de charco (POOL FIRE).
- Líquidos inflamables. Aqueles que se inflaman a temperatura ambiente cando a súa superficie ou os seus vapores atopan un punto de ignición (pode ser unha lapa aberta, unha chispa, unha zona quente, etc.). En caso de ignición soen dar incendios de charco (POOL FIRE). Os máis volátiles soen xerar vapores inflamables máis pesados que o aire, que se desprazan a ras de terra tendendo a acumularse nas zonas baixas, co conseguinte perigo de deflagración non explosiva ou laparada (FLASH FIRE).
- Gases licuados extremadamente inflamables. Xeralmente os gases son licuados empregando temperaturas moi baixas ou mediante o uso de presión. Os gases licuados xeran de forma masiva vapores fríos cando escapan ao exterior en grandes cantidades, que se desprazan a ras de terra, tendendo a acumularse nas zonas baixas. En caso de producirse unha ignición en zonas abertas adoitan dar lugar a unha deflagración non explosiva ou laparada (FLASH FIRE), con posterior propagación do incendio cara o punto de fuga. En outras condicións o accidente pode desembocar nunha deflagración explosiva da nube de vapor non confinada (UVCE). No caso de que un incendio afecte durante un certo tempo un recipiente a presión que conteña gas licuado, existe a posibilidade de que se produza unha BLEVE (Boiling Liquid Expanding Vapour Explosion).
- Gases Inflamables. Substancias que a temperatura ambiente e dentro de certo rango de presión se manteñen en fase gas. Poden ser máis lixeiros que o aire, en

cuxo caso elévanse e dispérsanse rapidamente en caso de escape, ou máis pesados que o aire, desprazándose a ras de terra e tendendo a acumularse en zonas baixas.

- Produtos tóxicos ou moi tóxicos. Aqueles que poden afectar á saúde humana en determinadas circunstancias de exposición, xeralmente inhalación. Os efectos poden ser crónicos (a longo prazo) e/ou agudos (inmediatos, a curto prazo). En ocasións, a toxicidade pode estar asociada aos fumes de combustión xerados nun incendio.

3.1.2. RISCOS ASOCIADOS ÁS INSTALACIÓNS

Para a identificación dos posibles escenarios de emerxencia, realizouse unha análise dos procesos existentes, do almacenamentos de substancias perigosas, das áreas de elevada carga térmica e das operacións desenvolvidas en cada unha das instalacións que poidan supoñer un factor de risco.

Unha vez analizados os factores de risco existentes, conclúese que as situacións de emerxencia que se poden presentar nas instalacións incluídas neste Plan poden dividirse nas seguintes tipoloxías de accidentes:

- Efectos térmicos
- Sobrepresións
- Explosións
- Toxicidade
- Contaminación do medio ambiente

Nos seguintes apartados desenvólvense os escenarios tipo asociados a cada unha destas tipoloxías.

3.1.3. HIPÓTESES ACCIDENTAIS CONSIDERADAS

Para a selección das hipóteses accidentais considérase a probabilidade de ocorrencia e a gravidade do dano producido, descartando aquelas que se consideran de improbable materialización ou de efectos pouco relevantes para persoas, bens ou medio ambiente.

Tomando como base os informes de seguridade e os seus cálculos de consecuencias para cada unha das instalacións incluídas no Plan de Emerxencia Exterior, tivéronse en conta,

para a elaboración do mesmo e a definición das zonas de planificación, unicamente aquelas hipóteses accidentais susceptibles de xerar accidentes de categorías 2 e 3, tal e como se definen no alcance deste PEE no seu apartado 1.3.

Deste xeito, no apartado 3.4.2, preséntase o listado das hipóteses consideradas para cada unha das instalacións, así como a definición das zonas de planificación resultantes.

3.2. CONSIDERACIÓNS XERAIS EN RELACIÓN Á DEFINICIÓN DOS FENÓMENOS PERIGOSOS

3.2.1. FUGAS DE LÍQUIDOS

A maioría dos accidentes comezan coa fuga dunha materia perigosa do seu confinamento. Son ben coñecidas as ecuacións que permiten cuantificar o caudal de fuga a partir do tamaño do orificio ao través do que se produce, das características do fluído e da diferenza de presión co exterior.

O modelo de cálculo baséase na aplicación dos balances de masa, cantidade de movemento e enerxía sen fricción (estes últimos sintetizados na ecuación de Bernoulli).

Da combinación destas relacións obtense o caudal instantáneo de saída en función das propiedades do fluído, da presión no recipiente, dos niveis de líquido e do orificio. A variación do caudal co tempo obtense substituíndo os valores de presión e altura en función do tempo, que dependen do tipo de proceso, é dicir, se a fuga é isoterma ou adiabática:

- Fuga isoterma: no caso dunha fuga isoterma de substancia pura, o valor de P permanece constante ao longo do proceso.
- Fuga adiabática: no caso dunha fuga adiabática, a presión interior varía ao aumentar o espazo de vapor, pois ao descender o nivel de líquido e evaporarse parte deste para completar o volume, arrefríase, diminuíndo a súa temperatura e, en consecuencia, a súa presión de vapor.

Por outra parte, se a materia estaba inicialmente almacenada como un líquido a baixa presión e a súa temperatura era superior ao seu punto de ebulición normal, a caída de presión que segue á fuga provoca que o líquido ferva, de modo que parte do mesmo

vaporizase instantaneamente. O resto permanece en fase líquida a unha temperatura igual ao punto de ebulición normal do fluído involucrado.

Se a fuga ten lugar no fondo dun recipiente, dificilmente poderá ser atallada.

3.2.2. EVAPORACIÓN DE LÍQUIDOS DERRAMADOS

O líquido derramado formará un charco no chan que evaporará en función da presión de vapor do produto, da velocidade do vento e da superficie do charco. O tipo de substrato ten unha gran influenza na velocidade de evaporación final, sendo maior canto máis poroso sexa o mesmo.

3.2.3. INCENDIOS

Cando se derrama un líquido inflamable existe a posibilidade de que, no caso de atoparse unha fonte de ignición moi próxima ao punto de fuga, se produza un incendio inmediatamente. En función da cantidade fugada, o incendio pode ser de grandes proporcións, provocando lapas daniñas para a integridade dos equipos envoltos por estas e un fluxo de calor radiante perigoso ata distancias apreciables das mesmas. A maiores tamén se produce unha gran cantidade de fume.

INCENDIO ESTACIONARIO

A avaliación deste tipo de incendios comprende os seguintes pasos:

- Determinación do caudal de fuga
- Determinación do diámetro equivalente do charco segundo a cantidade derramada

En moitos dos modelos que se empregan para o cálculo da radiación térmica, é necesario coñecer o diámetro do incendio. No caso de que o líquido quede retido nun cubeto, o diámetro será directamente o do cubeto ou, se o cubeto é rectangular, o diámetro equivalente dun cubeto circular cunha área igual á do cubeto rectangular.

Para fugas de líquidos con temperatura de ebulición superior á temperatura ambiente e non confinados, considérase xeralmente a formación dun charco de 1 cm de grosor (segundo criterio TNO), cunha extensión máxima de 1.500 m^2 en áreas non confinadas, sen canalizacións nin sumidoiros para a recollida de derrames, de proceso ou de almacenamento de establecementos industriais, e de 10.000 m^2 en campo aberto ou sobre o mar.

Cálculo da radiación térmica

O cálculo da radiación térmica é función da natureza do combustible, da xeometría do emisor e receptor, da radiación e da distancia entre ambos, así como das condicións meteorolóxicas (humidade ambiental). O método empregado na estimación de incendios de charco deriva do proposto por TNO e fai uso de ecuacións empíricas para determinar a velocidade de combustión, o fluxo de radiación emitido e o calor radiante que incide sobre a superficie.

INCENDIOS DE NUBES OU LAPARADAS

O estudo dos efectos de incendios de nubes ou laparadas comprende os seguintes pasos:

- Determinación do caudal de fuga: se a fuga ten lugar en fase gas, o caudal de fuga é o caudal de gas a dispersar. Se a fuga prodúcese en fase líquida, o caudal de gas corresponde ao caudal de evaporación.
- Determinación da cantidade de vapor xerado.
- Estudio da dispersión da nube formada. A distancia á que poden chegar os vapores dependerá dos seguintes factores: caudal de gas evaporado, tempo que dura a devandita emisión/evaporación e condicións atmosféricas.

  Destas últimas, as variables que afectan en maior medida á dispersión son a velocidade e dirección do vento e a estabilidade atmosférica. Estas magnitudes presentan unha gran variación estacional, e incluso diaria, razón pola que se manexarán valores medios representativos.

  Calcúlanse normalmente as dispersións correspondentes ás situacións atmosféricas máis probables e desfavorables (categorías de estabilidade D e F).

Hai dúas formas de tratar o escape:

- Fuga instantánea. Neste caso considérase que todo o produto escapa nun tempo relativamente breve, formando unha nube compacta que se vai diluíndo co tempo conforme se despraza co vento.
- Fuga continua. Neste caso considérase que o produto escapa cun caudal continuado, de xeito que se forma unha nube alargada (pluma), en réxime estacionario, que se dilúe coa distancia.

3.2.4. EXPLOSIÓNS

A medida que se van diluíndo as substancias inflamables no aire, en determinados instantes e zonas pódense formar mesturas de combustible e comburente en condicións apropiadas para que se produza a combustión. Se nunha destas zonas a mestura atopa un punto de ignición, ao estar xa mesturados combustible e comburente en cantidades importantes, pode producirse a ignición do gas.

EXPLOSIÓNS NON CONFINADAS

A explosión é non confinada cando a nube de gas se forma nun espazo amplo sen estruturas ou obstrucións significativas que poidan restrinxir a expansión da nube que arde.

Unha explosión dunha nube de vapor nesta situación é unha deflagración e, na práctica, se non existe un mínimo confinamento, no lugar dunha explosión prodúcese unha laparada.

Así pois, para que se produza a explosión dunha nube inflamable débense dar as seguintes circunstancias:

- Cantidade de gas entre límites de inflamabilidade
- Presenza dun punto de ignición
- Grado mínimo de confinamento

Os efectos asociados á explosión son os seguintes:

- Ondas de sobrepresión
- Radiación térmica do incendio da nube

Neste caso, o primeiro efecto é o que pode ocasionar maior dano a persoas e estruturas.

EXPLOSIÓN CONFINADA DE VAPORES

Cando hai obstáculos suficientes como para frear, por obstrución, a expansión do gas ou o vapor que arde, pode producirse unha explosión confinada (VCE), producindo acumulación de presión e alcanzándose sobrepresións sensiblemente maiores que no caso de explosión non confinada. Particularmente, unha explosión confinada pode ocorrer en zonas onde hai edificios ou estruturas.

O estoupido provoca unha onda de presión e proxectís primarios constituídos polos fragmentos do depósito sinistrado. Tras este accidente, é moi probable que o tanque se incendie, e incluso rompa, derramándose o seu contido no cubeto.

Destes efectos, o que produce maiores danos é a sobrepresión.

BLEVE

Co termo BLEVE (Boiling Liquid Expanding Vapour Explosion) defínese aquela explosión mecánica na que intervén un líquido en ebulición que se incorpora rapidamente ao vapor en expansión. É un caso especial de estoupido dun depósito en cuxo interior se almacena un líquido baixo presión.

Cando se almacena un líquido a presión elevada, a temperatura de almacenamento adoita ser notablemente maior que a súa temperatura de ebulición normal. Cando se produce a ruptura do recipiente, o líquido do seu interior entra en ebulición rapidamente debido a que a temperatura exterior é moi superior á temperatura de ebulición da substancia. O cambio masivo a fase vapor, provoca a explosión do depósito porque se supera a resistencia mecánica do mesmo. Xérase unha onda de presión acompañada de proxectís do propio depósito e pezas menores unidas a el que alcanzan distancias considerables. Ademais, no caso de que a substancia almacenada sexa un líquido inflamable, prodúcese a ignición da nube formando o que se denomina bola de lume que se irá expandindo a medida que vai ardendo a masa de vapor.

A característica principal dunha BLEVE é precisamente a expansión explosiva de toda a masa de líquido evaporada subitamente. Normalmente, a causa máis frecuente deste tipo de explosións é debida a un incendio externo que envolve ao depósito en cuestión, debilitándoo mecanicamente, o que produce unha fisura ou a ruptura do mesmo, coa despresurización, ondas de presión e BLEVE do conxunto.

Os efectos da BLEVE son os seguintes:

- Sobrepresión da onda expansiva.
- Radiación térmica.
- Proxección de fragmentos.

A radiación térmica da bola de lume é función da xeometría da mesma, cantidade, tipo de produto e condicións atmosféricas. A onda de sobrepresión corresponde á enerxía

residual da ruptura do recipiente e os seus alcances adoitan ser menores que os da radiación térmica. A proxección de fragmentos asociada á rotura do recipiente adoita determinarse de forma empírica e baseándose en ecuacións de enerxía cinética.

3.2.5. DISPERSIÓNS TÓXICAS

Consisten na expulsión accidental de sustancias tóxicas cara o exterior do recipiente que os contén. No caso de gases e vapores, o efecto principal é a formación dunha nube tóxica, cuxas características son función do produto, das condicións meteorolóxicas, da morfoloxía do terreo, etc.

As áreas que quedan a favor do vento veranse afectadas pola nube tóxica, dependendo o grao de afección da mesma principalmente do produto e da súa concentración, así como da distancia e do tempo de exposición.

3.2.6. EFECTOS MEDIOAMBIENTAIS DOS ACCIDENTES ESTUDADOS

Os accidentes estudados, poden dar lugar aos seguintes efectos medioambientais:

- Contaminación de augas
- Contaminación de solos
- Contaminación atmosférica

Nos epígrafes que seguen descríbense os factores a ter en conta na avaliación da extensión e características da zona afectada.

CONTAMINACIÓN DE AUGAS

A contaminación hídrica prodúcese cando os contaminantes vértense directa ou indirectamente nos corpos de auga. Engloba tres tipos de sucesos:

- Verteduras incontroladas ao medio mariño
- Verteduras incontroladas ao medio fluvial
- Verteduras incontroladas ás augas subterráneas

Neste sentido, as augas superficiais son en xeral máis vulnerables á contaminación que as augas subterráneas, pola súa exposición directa á actividade humana. Por outra parte

unha fonte superficial pode restaurarse máis rapidamente que unha fonte subterránea a través de ciclos de escorrentía estacionais.

CONTAMINACIÓN DE SOLOS

Considérase un solo ou subsolo contaminado aquel no que, a causa das actividades humanas, exista contaminación en concentracións superiores ás que son propias do mesmo, e comporte un risco real ou potencial para a saúde pública ou para os sistemas naturais.

Os chans contaminados xéranse polo impacto crecente que o home exerce sobre eles, e son debidos entre outras causas a:

- Mala xestión de residuos: verteduras incontroladas, acumulacións incorrectas, etc.
- Malas prácticas en instalacións industriais: fugas en tubaxes e tanques, almacenamentos incorrectos de produtos e materias primas, etc.
- Accidentes no transporte, almacenamento e manipulación de produtos químicos.

O chan non é un recurso renovable a corto ou medio prazo. Os procesos que xeran un chan estable requiren miles de anos e son extremadamente lentos. Por outra parte non é un medio illable, senón que ten unha interrelación directa con outros compartimentos ambientais: augas superficiais, subterráneas e atmosfera.

CONTAMINACIÓN ATMOSFÉRICA

A contaminación atmosférica consiste na emisión en forma fuxitiva ou máis ou menos continua de gases, vapores ou partículas (incluso ruído), que poidan resultar nocivos para as persoas. Tamén pode producirse como consecuencia dun accidente con dispersión dos produtos dunha combustión ou a emisión fortuíta de substancias tóxicas ou inflamables.

Os efectos desta contaminación dependen do tipo de contaminantes emitidos, do seu caudal, das cotas dos puntos de emisión e tamén das variables meteorolóxicas que condicionan a dispersión no ambiente. Os factores principais neste último caso son: a velocidade e dirección do vento, así como as denominadas categorías de estabilidade de Pasquill, que miden a facilidade coa que a nube pode mesturarse no ambiente. Considéranse 5 categorías desde a E (moi estable con moi pouca turbulencia) ata a categoría A (moi inestable con boa dispersión da nube).

Para medir este fenómeno recorrese ao concepto de inmisión expresado en mg/m^3, que se define como a concentración para a que se adoita recorrer a valores medios anuais. Os valores admisibles quedan recollidos segundo o contaminante na lexislación medio ambiental de referencia.

3.3. ANÁLISE DE CONSECUENCIAS. MODELOS DE CÁLCULO

3.3.1. CRITERIOS XERAIS DE CÁLCULO

Para determinar as áreas afectadas polos accidentes expostos, asúmense os criterios e métodos de cálculo que se expoñen a continuación:

Tempo de fuga

A magnitude dun accidente depende, entre outros parámetros, da duración da fuga, e esta depende do tempo que tarde o operador ou o sistema automático de control en intervir. É necesario ter en conta as salvagardas tecnolóxicas e as medidas organizativas de prevención e mitigación dispoñibles nas instalacións, co obxectivo de poder limitar a duración das fugas e, polo tanto, das evaporacións en caso de accidente. A nivel xeral adóptase un tempo estándar de acordo cos seguintes criterios:

TIPO DE VÁLVULA	DESCRICIÓN DA ACTUACIÓN	TEMPO TOTAL DE DETECCIÓN E ACTUACIÓN	
		ROTURA TOTAL	FUGA
AUTOMÁTICA	A detección é completamente automática e especifica A detección resulta nunha orde automática de peche da válvula Non se necesita da actuación dun operador	2 min	5 min
OPERADA A DISTANCIA	A detección é completamente automática e especifica A detección resulta nunha sinal de alarma en campo ou en sala de control (acústica, luminosa ou ambas) O operador valida a sinal, localiza o pulsador da válvula e actúa (desde campo ou sala de control)	5 – 10 min	10 min
OPERADA MANUALMENTE	A detección é completamente automática e especifica A detección resulta nunha sinal de alarma en campo ou en sala de control (acústica, luminosa ou ambas) O operador valida a sinal, desprázase ata o lugar de alarma, localiza a válvula e a pecha manualmente	10 min	20 – 30 min

Táboa 31. Tempos de fuga considerados

Determinación do caudal de fuga

Na análise de riscos de Exolum e do C.I. Repsol Petróleo, S.A., para a determinación do caudal de fuga, considerouse representativo o criterio máis probable de rotura parcial, con independencia do diámetro da tubaxe, adoptándose que o diámetro equivalente de rotura será o 10% do diámetro nominal da tubaxe, ata un máximo de 50 mm.

Pola súa parte, no caso de Repsol Butano., establécense dous criterios diferenciados en función do diámetro da tubaxe:

- Tubaxes de diámetro inferior a 6'' considérase ruptura total da tubaxe
- Tubaxes de diámetro superior a 6'' considérase ruptura parcial, producíndose a fuga por un orificio de diámetro equivalente ao 10% do diámetro da tubaxe (con un máximo de 50 mm).

En canto ao caudal de fuga, e para considerar o incremento de caudal debido á caída brusca de perdas de presión da tubaxe adóptase para o mesmo un valor de 1,5 veces o caudal nominal da tubaxe.

Extensión de charcos

No caso de escapes de líquidos confinados, suponse que a área acoutada polo cubeto, gabia ou murete de contención quedará asolagada, sendo polo tanto a área máxima do charco igual ao tamaño da área confinada. Sobre esta superficie avaliarase a vaporización da substancia ou un eventual incendio.

Nos escenarios de derrame de líquidos non confinados, o diámetro máximo do charco defínese como o balance entre o caudal de fuga (aporte ao charco) e a taxa de vaporización ou combustión da substancia.

Para a determinación da extensión de charcos non confinados considerase unha extensión máxima de 1.500 m^2 para fugas en superficie terrestre e de 10.000 m^2 para fugas no mar.

No caso de charcos confinados suponse un espesor de charco mínimo de 10 mm.

Dispersión atmosférica

En función da densidade da nube formada empregaranse modelos específicos de dispersión de gases neutros (modelo gaussiano) ou de gases densos.

O modelo gaussiano para gases neutros describe a dispersión de nubes de gases cunha densidade similar á do aire, ben porque a masa molecular do contaminante é similar á do aire ou ben porque está suficientemente diluído no momento do escape.

O modelo de gases pesados emprégase, principalmente, nos primeiros momentos. Un vapor ou gas con densidade superior á do aire tende a caer e dispersarse a ras de solo mentres a nube non alcance, por dilución no aire, unha densidade próxima a este.

Para as evaporacións desde charcos, aínda que a densidade dos vapores sexa maior que a do aire, emprégase un modelo de gases neutros xa que á entrada de aire na nube provoca que a densidade de esta alcance rapidamente valores similares aos do aire, reducíndose polo tanto o efecto da gravidade sobre a primeira fase da dispersión.

Nas dispersións tóxicas, para a modelización da nube tóxica, os tempos de exposición estímanse de acordo cos tempos de escape, considerando 10 min se existen medios que permitan parar o escape e 30 min para as dispersións orixinadas por fugas en altura.

Se non existen sistemas fixos e automáticos de abatemento ou dilución dos derrames (escumas, rociadores, etc.) que xustifiquen unha actuación rápida, suponse un tempo máximo de duración da evaporación de 30 min.

Se o caudal a dispersar correspóndese co caudal de evaporación dun charco formado, considérase un tempo maior para a dispersión correspondente co tempo necesario para a evaporación do charco, considerando un tempo máximo de 30 min.

Valores adoptados nos cálculos

Os valores medios adoptados por cada unha das instalacións incluídas no PEE para realizar o cálculo de consecuencias indícanse na seguinte táboa:

INSTALACIÓN	ESTABILIDADE PASQUILL	VELOCIDADE DO VENTO	TEMP.	HUMIDADE
EXOLUM	Neutral (D) (máis probable) Estable (F) (máis desfavorable)	2 m/s (máis probable) 4 m/s (máis desfavorable)	14,8 °C	75%
REPSOL BUTANO.	Neutral (D) (máis probable) Estable (F) (máis desfavorable)	2 m/s (máis probable) 4 m/s (máis desfavorable)	14,8 °c	75%
C.I. REPSOL PETRÓLEO, S.A.	Neutral (D) (día) Estable (F) (noite)	5 m/s (día) 2 m/s (noite)	18 °C (dia) 10 °C (noite)	60% (día) 80% (noite)

Táboa 32. Condicións atmosféricas de cálculo

3.3.2. MODELOS DE CÁLCULO

EXOLUM

Para o caso de Exolum, no Informe de seguridade que fundamenta este PEE empregáronse, en función do tipo de escenario, os seguintes modelos de cálculo:

- EFFECTS v.11.3.0 para a determinación de:
  - Caudal de fuga en tubaxes (roturas parciais).
  - Evaporación desde charco.
  - Dispersión inflamable.
  - Incendio de charco.

REPSOL BUTANO

Empregouse como modelo de cálculo no Informe de seguridade o programa EFFECTS 8.1 para a modelización dos seguintes casos:

- Fuga continua/instantánea en fase líquida
- Fuga continua/instantánea en fase gas
- Evaporación de charcos
- Dispersión atmosférica de gases y vapores
- Explosión no confinada de vapores
- Explosión confinada de vapores
- Incendio de charco
- BLEVE de cilindros, esferas de GLP, etc.

C.I. REPSOL PETRÓLEO

Os modelos de cálculo empregados para a elaboración de cada un dos escenarios identificados no Informe de seguridade das instalacións, son os seguintes:

- Caudais de escape de produto líquido, licuado e gasoso
- Vaporización súbita (FLASH)
- Incendios de charco (PFIRE)

- Explosións non confinadas (VCE)
- Explosións confinadas (CVE)
- Estoupidos de recipientes (BURST)
- Dardos de lume (JFIRE)
- Bolas de lume (BLEVE)
- Dispersións tóxicas (TDISP)
- Laparadas (FLASHF)

3.4. DEFINICIÓN DE ZONAS OBXECTO DE PLANIFICACIÓN

3.4.1. CRITERIOS DE PLANIFICACIÓN

A Directriz Básica de Protección Civil para o control e planificación ante o risco de accidentes graves nos que interveñen substancias perigosas (aprobada por Real Decreto 1196/2003), establece as seguintes zonas para planificar actuacións en caso de accidente grave:

a. Zona de intervención: aquela na que as consecuencias dos accidentes producen un nivel de danos que xustifica a aplicación inmediata de medidas de protección.

b. Zona de alerta: aquela na que as consecuencias dos accidentes provocan efectos que, aínda que son perceptibles pola poboación, non xustifican a intervención, excepto para os grupos críticos de poboación.

c. Zona de efecto dominó: aquela zona na que os efectos do accidente inicial poden provocar danos a outras estruturas de risco, podendo dar lugar a accidentes en cadea ("efecto dominó")*.

(*) Efecto dominó: a concatenación de efectos causantes de risco que multiplica as consecuencias, debido a que os fenómenos perigosos poden afectar, ademais de a elementos vulnerables exteriores, a outros recipientes, tubaxes ou equipos do mesmo establecemento ou de outros establecementos próximos, de tal xeito que se produza unha nova fuga, incendio, ou estoupido neles, que a súa vez provoquen novos fenómenos perigosos.

Os accidentes que poden ter lugar nas instalacións incluídas neste PEE son incendios de charco, dardos de lume, BLEVEs, laparadas, explosións e nubes tóxicas, que van provocar

fenómenos de radiación térmica, sobrepresión e concentracións tóxicas. Para estes tipos de fenómenos, os valores indicados na citada Directriz son os seguintes:

	LIMIAR ZONA INTERVENCIÓN	LIMIAR ZONA ALERTA
RADIACIÓN TÉRMICA		
Dose radiación	250 $(kW/m^2)^{4/3}$·s	115 $(kW/m^2)^{4/3}$·s
ONDAS DE PRESIÓN		
Sobrepresión estática	125 mbar	50 mbar
Impulso integrado	150 mbar·s	100 mbar·s
PROXECTÍS	Alcance máximo de proxectís con impulso >10 mbar/s, en contía do 95%	Alcance máximo de proxectís con impulso >10 mbar/s, en contía do 99,9%
DISPERSIÓN INFLAMABLE		
Concentración	LEL	50% LEL
TOXICIDADE		
Concentración	AEGL-2[2]	AEGL-2[1]

Táboa 33. Valores limiar para os fenómenos perigosos (Directriz Básica de Protección Civil para o control e planificación ante o risco de accidentes graves nos que interveñen substancias perigosas)

**AEGL (Acute Exposure Guideline Levels) propostos pola Axencia Medioambiental dos EEUU, definidos para tres niveis de dano (1, 2 e 3), considerando para cada nivel os períodos de referencia seguintes: 30 min, 1, 4 e 8 horas e, nalgúns casos, establecidos tamén para un período de 10 min.*

[1]AEGL-1: concentración por riba da cal pódese predicir que a poboación xeral, incluíndo individuos susceptibles pero excluíndo aos hipersusceptibles, pode experimentar unha incomodidade notable.

[2]AEGL-2: concentración por riba da cal pódese predicir que a poboación xeral, incluíndo individuos susceptibles pero excluíndo aos hipersusceptibles, pode experimentar efectos a longo prazo serios ou irreversibles ou ver impedida a súa capacidade para escapar.

No caso da dispersión inflamable, adóptanse o valor do LEL para a zona de intervención, e o valor do 50% do LEL para a zona de alerta.

Para o caso de nubes tóxicas, os valores limiares do índice AEGL para o Sulfuro de hidróxeno (substancia considerada para accidentes de dispersión tóxica no C.I. Repsol Petróleo) son os seguintes:

		TEMPO DE EXPOSICIÓN	
		10 MIN	30 MIN
SULFURO DE HIDRÓXENO	AEGL-2 (ZI)	41 ppm	32 ppm
	AEGL-1 (ZA)	0,75 ppm	0,60 ppm

Táboa 34 Valores AEGL (ppm) de referencia para o Sulfuro de hidróxeno

Fonte : EPA Xuño 2021

3.4.2. DELIMITACIÓN DAS ZONAS

En base ao establecido nos apartados anteriores e á información proporcionada polas Análises de riscos identificáronse, para cada unha das instalacións, as diferentes hipóteses accidentais susceptibles de xerar accidentes graves.

As táboas que seguen recollen aqueles susceptibles de activar o PEE, categorías 2 e 3, así como os correspondentes radios de intervención.

No anexo 2 achéganse as representacións gráficas de cada un dos escenarios estudados e os seus alcances.

EXOLUM

En base á información proporcionada pola análise de riscos de Exolum (Rev. 3.0, Abril 2021), identificáronse 11 hipóteses accidentais susceptibles de xerar accidentes graves de categoría 2.

Respectouse a numeración e nomenclatura das hipóteses empregadas na documentación de Exolum para evitar posibles confusións de cara a súa identificación (como consecuencia disto, a numeración das mesmas pode non ser consecutiva, xa que non se tiveron en conta aquelas hipóteses susceptibles de xerar accidentes de categoría 1).

HIPÓTESE	CATEGORÍA	TIPO DE FENÓMENO PERIGOSO	ZI (M)	ZA (M)	ZD (M)
1.b. GNA/T-015/RP/PFIRE Fuga de gasolina, gasóleo ou queroseno no cubeto C-1 por rotura parcial do 10% do diámetro da tubaxe de saída/entrada do tanque T-015	2	Incendio de charco	45^{4D}	53^{4D}	39^{4D}
2.b. GNA/T-014/RP/PFIRE Fuga de gasolina, gasóleo ou queroseno no cubeto C-1 por rotura parcial do 10% do diámetro da tubaxe de saída/entrada do tanque T-014	2	Incendio de charco	50^{4D}	59^{4D}	43^{4D}
5. JET/T-032/RP/PFIRE Fuga de gasóleo ou queroseno en cubeto C-3 por rotura parcial do 10% do diámetro da tubaxe de saída/entrada do tanque T-032	2	Incendio de charco	48^{4D}	56^{4D}	41^{4D}
7b. ETN/CAM/RT/PFIRE Fuga de bioetanol por rotura total ou desacople do brazo/mangueira de carga en illas de carga de camións	2	Incendio de charco	19^{4D}	22^{4D}	17^{4D}
8.a. GNA/POL/RP/FLASHF Fuga de gasolina, gasóleo ou queroseno por rotura parcial do 10% do diámetro da tubaxe (máx. 50 mm) de poliduto nalgún punto do tramo desde a entrada na instalación ata os cubetos de almacenamento	2	Laparada	$--^{4D}$ 42^{2F}	5^{4D} 73^{2F}	--
8.b. GNA/POL/RP/PFIRE Fuga de gasolina, gasóleo ou queroseno por rotura parcial do 10% do diámetro da tubaxe (máx. 50 mm) de poliduto nalgún punto do tramo desde a entrada na instalación ata os cubetos de almacenamento	2	Incendio de charco	67^{4D}	79^{4D}	58^{4D}
9.b. GNA/OLD/RP/PFIRE Fuga de gasolina, gasóleo ou queroseno por rotura parcial do 10% do diámetro da tubaxe (máx. 50 mm) do oleoduto Coruña-Vigo nalgún punto do tramo desde a entrada na instalación ata a saída	2	Incendio de charco	39^{4D}	46^{4D}	34^{4D}

HIPÓTESE	CATEGORÍA	TIPO DE FENÓMENO PERIGOSO	ZI (M)	ZA (M)	ZD (M)
10.a. GNA/BOM/RP/FLASHF Fuga de gasolina, gasóleo ou queroseno por rotura parcial do 10% do diámetro da tubaxe (máx. 50 mm) en impulsión de bombas	2	Laparada	10^{4D} 45^{2F}	21^{4D} 78^{2F}	--
10.b. GNA/BOM/RP/PFIRE Fuga de gasolina, gasóleo ou queroseno por rotura parcial do 10% do diámetro da tubaxe (máx. 50 mm) en impulsión de bombas	2	Incendio de charco	70^{4D}	83^{4D}	60^{4D}
12. GNA/C-1/RP/PFIRE Derrame de gasolina desde tanque e incendio inmediato de charco ocupando a totalidade da superficie do cubeto C-1 (cubeto de maior superficie nos que se almacena gasolina)	2	Incendio de charco	68^{4D}	81^{4D}	55^{4D}
13.b. GNA/URV/PFIRE Saída de produto de URV con inundación do cubeto	2	Incendio de charco	35^{4D}	41^{4D}	30^{4D}

Táboa 35. Hipóteses accidentais Exolum

REPSOL BUTANO

En base á información proporcionada pola análise de riscos de Repsol Butano. (Rev. 2.1, Outubro 2023), identificáronse 5 hipóteses accidentais susceptibles de xerar accidentes graves de categoría 2 e 3.

Respectouse a numeración e nomenclatura das hipóteses empregadas na documentación de Exolum para evitar posibles confusións de cara a súa identificación (como consecuencia disto, a numeración das mesmas pode non ser consecutiva, xa que non se tiveron en conta aquelas hipóteses susceptibles de xerar accidentes de categoría 1).

HIPÓTESE	CATEGORÍA	TIPO DE FENÓMENO PERIGOSO	ZI (M)	ZA (M)	ZD (M)
Hipótese 11 Rotura/desacople do brazo de carga/descarga de camións cisterna durante unha carga/descarga de GLP	2	Dardo de lume	70[D] 70[F]	87[D] 87[F]	57[D] 57[F]
		Explosión	n.a.	n.a.	n.a.
		Laparada	64[D] 96[F]	108[D] 184[F]	n.a.[D] n.a.[F]
Hipótese 12 BLEVE camión cisterna de GLP	3	Bola de lume	515[D] 515[F]	653[D] 653[F]	413[D] 413[F]
		Sobrepresión	205[D] 205[F]	466[D] 466[F]	168[D] 168[F]
		Proxección fragmentos	n.a.	n.a.	n.a.
Hipótese 14 Ruptura parcial da liña de impulsión do compresor de refrixeración (orificio de diámetro equivalente ao 10% do diámetro nominal)	2	Dardo de lume	23[D] 30[F]	37[D] 38[F]	24[D] 24[F]
		Explosión	n.a.	n.a.	n.a.
		Laparada	24[D] 29[F]	45[D] 66[F]	n.a.[D] n.a.[F]
Hipótese 15 Ruptura parcial da liña de envío de GLP desde almacenamento a sala de bombas (orificio de diámetro equivalente ao 10% do diámetro nominal)	2	Dardo de lume	14[D] 13[F]	17[D] 17[F]	11[D] 10[F]
		Explosión	n.a.	n.a.	n.a.
		Laparada	8[D] 10[F]	18[D] 23[F]	n.a.[D] n.a.[F]
Hipótese 17 Ruptura parcial do gasoduto de recepción de GLP desde refinería (orificio de diámetro equivalente ao 10% do diámetro nominal)	2	Dardo de lume	24[D] 22[F]	29[D] 28[F]	19[D] 18[F]
		Explosión	n.a.	n.a.	n.a.
		Laparada	18[D] 24[F]	33[D] 50[F]	n.a.[D] n.a.[F]

Táboa 36. Hipóteses accidentais Repsol Butano.

C.I. REPSOL PETRÓLEO

Atendendo a información contida no Informe de Seguridade, identificáronse 10 hipóteses accidentais susceptibles de xerar accidentes graves de categoría 2 e 3.

Igual que nos casos anteriores, mantense a nomenclatura das hipóteses empregada na documentación do C.I. Repsol Petróleo co fin de evitar posibles confusións de cara a súa identificación.

HIPÓTESE	CATEGORÍA	TIPO DE FENÓMENO PERIGOSO	ZI (M)	ZA (M)	ZD (M)
PC/686/C-03/H2S Rotura en liña de gas ácido de acumulador de rexeneradora de aminas C-03	3	Dispersión tóxica	177^{5D} 716^{2F}	1521^{5D} 6.886^{2F}	--
PC/688/C-1/FG+H2S Rotura en liña de aporte de gas ácido a KO drum C-1	3	Dispersión tóxica	117^{5D} 311^{2F}	821^{5D} 3.949^{2F}	--
PC/689/K-01/H2+H2S Rotura en liña de descarga de compresor de reciclo K-01.	2	Dispersión tóxica	65^{5D} 92^{2F}	701^{5D} 360^{2F}	--
PD/451/C-1/PPL Rotura en liña de fondo de splitter C-1	2	Dardo de lume	70	--	70
		Laparada	106^{5D} 103^{2F}	236^{5D} 216^{2F}	--
PD/673/G-V7/GLP Rotura en liña de fondos de acumulador de desbutanizadora G-V7	2	Laparada	30^{5D} 17^{2F}	75^{5D} 54^{2F}	--
PD/673/G-V9/GLP Rotura en liña de fondo de acumulador de splitter C3-C4 G-V9	2	Laparada	37^{5D} 51^{2F}	63^{5D} 96^{2F}	--
PD/677/C-2/GO Rotura en liña de efluente de reactor C-2	2	Dardo de lume	62	--	62
PD/678/C-3/H2S Rotura en liña de gas ácido de acumulador de rexeneradora de aminas C-3	3	Dispersión tóxica	335^{5D} 898^{2F}	2.673^{5D} 6.840^{2F}	--
PQ/621/D-1202/NAFTA Rotura en liña de vapores de acumulador de tope de fraccionadora D-1202	2	Laparada	42^{5D} 61^{2F}	70^{5D} 105^{2F}	--
PC/687/C-03/H2S Rotura en liña de cabeza de stripper 687-C-3	2	Dispersión tóxica	64^{5D} 117^{2F}	454^{5D} 1.722^{2F}	--

Táboa 37. Hipóteses accidentais C.I. Repsol Petróleo, S.A.

3.5. ESTUDO DE VULNERABILIDADE

Unha vez estimadas para cada escenario as magnitudes dos fenómenos perigosos, no presente apartado realízase unha análise da vulnerabilidade determinando as consecuencias sobre persoas, medio ambiente e bens expostos a unha determinada carga térmica, de presión ou tóxica.

De cara á finalidade deste PEE, avalíanse unicamente os radios de afección relativos aos accidentes de categoría 3, dado que se entende que os bens e persoas presentes no interior das instalacións (potenciais afectados en caso de accidente de categoría 2) protexeríanse de modo inmediato mediante a posta en marcha do correspondente Plan de Emerxencia Interior da instalación (posta en marcha dos dispositivos de protección das instalacións, evacuación de persoal externo e organización dos equipos de intervención da instalación).

3.5.1. DANOS ÁS PERSONAS

A vulnerabilidade de persoas exprésase como o número previsible de individuos que, como causa dun accidente, poden resultar afectados con certo nivel de dano.

O cálculo da vulnerabilidade derivada dos fenómenos perigosos asociados aos accidentes maiores realízase aplicando métodos de tipo probabilístico, baseados en datos empíricos e que se describen mediante o uso das ecuacións Probit que establecen unha relación entre o tipo de dano e a probabilidade de que ocorra.

A evolución dos distintos escenarios identificados nas instalacións da lugar aos seguintes efectos accidentais finais.

ESCENARIO ACCIDENTAL	EFECTO
Dispersión nube tóxica	Concentración tóxica
Incendio de charco (Pool fire)	Radiación térmica
Dardo de lume (Jet fire)	Radiación térmica
Laparada (Flash fire)	Radiación térmica
BLEVE	Radiación térmica Sobrepresión Proxección de fragmentos
Explosión confinada	Sobrepresión Proxección de fragmentos

Táboa 38. Efectos accidentais existentes no PEE

EXOLUM

O grado de vulnerabilidade ocasionado polas hipóteses identificadas en Exolum sobre as persoas e para o caso da radiación térmica correspondente a incendios de charco, calcúlase coa seguinte ecuación *Probit*:

$$Pr = -36{,}38 + 2{,}56 \cdot \ln (I^{3/4} \cdot t)$$

Na seguinte táboa recóllense os valores dos diferentes limiares de radiación para o 1%, 10%, 50%, 90% y 99% da poboación, considerado un tempo de exposición de 30 segundos:

PROBABILIDADE (%)	PROBIT	RADIACIÓN (kW/m²)
LC1	2,67	7,26
LC10	3,72	9,87
LC50	5,00	14,36
LC90	6,28	20,89
LC99	7,33	28,42

Táboa 39. Dose de radiación por índice de probabilidade

Non se calcula a vulnerabilidade asociada a laparadas, xa que o seu alcance para un valor de letalidade do 100% coincide co límite inferior de inflamabilidade.

Os distancias obtidas referentes á vulnerabilidade das persoas para os efectos da radiación térmica asociada a incendio de charco son os seguintes (distancias desde o centro do charco).

HIPÓTESE	ALCANCES POR RADICACIÓN TÉRMICA (M)				
	INCENDIO DE CHARCO				
	99%	90%	50%	10%	1%
1.b. GNA/T-015/RP/PFIRE Fuga de gasolina, gasóleo ou queroseno no cubeto C-1 por rotura parcial do 10% do diámetro da tubaxe de saída/entrada do tanque T-015	22	26	31	36	40
2.b. GNA/T-014/RP/PFIRE Fuga de gasolina, gasóleo ou queroseno no cubeto C-1 por rotura parcial do 10% do diámetro da tubaxe de saída/entrada do tanque T-014	24	29	35	40	44
5. JET/T-032/RP/PFIRE Fuga de gasóleo ou queroseno en cubeto C-3 por rotura parcial do 10% do diámetro da tubaxe de saída/entrada do tanque T-032	23	28	33	38	42
7.b. ETN/CAM/RT/PFIRE Fuga de bioetanol por rotura total ou desacople do brazo/mangueira de carga en illas de carga de camións	0	13	15	16	17
8.b. GNA/POL/RP/PFIRE Fuga de gasolina, gasóleo ou queroseno por rotura parcial do 10% do diámetro da tubaxe (máx. 50 mm) de poliduto nalgún punto do tramo desde a entrada na instalación ata os cubetos de almacenamento	33	39	46	54	60
9.b. GNA/OLD/RP/PFIRE Fuga de gasolina, gasóleo ou queroseno por rotura parcial do 10% do diámetro da tubaxe (máx. 50 mm) do oleoduto Coruña-Vigo nalgún punto do tramo desde a entrada na instalación ata a saída	19	23	27	32	35

HIPÓTESE	ALCANCES POR RADICACIÓN TÉRMICA (M)				
	INCENDIO DE CHARCO				
	99%	90%	50%	10%	1%
10.b. GNA/BOM/RP/PFIRE Fuga de gasolina, gasóleo ou queroseno por rotura parcial do 10% do diámetro da tubaxe (máx. 50 mm) en impulsión de bombas	34	41	49	56	62
12. GNA/C-1/RP/PFIRE Derrame de gasolina desde tanque e incendio inmediato de charco ocupando a totalidade da superficie do cubeto C-1 (cubeto de maior superficie nos que se almacena gasolina)	0	31	40	50	58
13.b. GNA/URV/PFIRE Saída de produto de URV con inundación do cubeto	17	20	24	28	31

Táboa 40. Alcances vulnerabilidade escenarios identificados en Exolum

REPSOL BUTANO

No caso de Repsol Butano., a vulnerabilidade sobre as persoas ocasionada polas hipóteses identificadas calcúlase, para cada efecto producido, segundo se indica a continuación:

- **Efectos mecánicos: ondas de presión e proxección de fragmentos.**

  Para avaliar os efectos causados polas ondas de presión considerouse como único criterio de estimación o valor que representa o parámetro da sobrepresión máxima. Empregáronse os índices LC99, LC50 e LC1.

  Adoptouse a seguinte ecuación *Probit*:

  $$Pr = -15{,}6 + 1{,}93 \cdot \ln P \quad \text{(sendo P a sobrepresión máxima)}$$

  Na seguinte táboa recóllense os valores dos diferentes limiares para o 1%, 50% e 99% da poboación:

FENÓMENO PERIGOSO	PROBABILIDADE (%)	SOBREPRESIÓN (MBAR)
SOBREPRESIÓN	LC1	129
	LC50	432
	LC99	1445

Táboa 41. Sobrepresión por índice de probabilidade

- **Efectos térmicos: dardos de lume, laparadas e incendios.**

  Para avaliar os efectos causados pola radiación térmica empregáronse os índices LC99, LC50 e LC1.

  Na seguinte táboa recóllense os valores dos diferentes limiares de radiación para o 1%, 50% e 99% da poboación:

FENÓMENO PERIGOSO	PROBABILIDADE (%)	RADIACIÓN (KW/M^2)
RADIACIÓN TÉRMICA	LC1	9,3
	LC50	19,4
	LC99	37,5

Táboa 42. Dose de radiación por índice de probabilidade

Na seguinte táboa, recóllense os alcances (metros) segundo os limiares de letalidade expostos nas táboas anteriores para os diferentes escenarios derivados das hipóteses accidentais consideradas para a instalación.

Hipótese	Alcances por radicación térmica (m)									Alcance por sobrepresión (m)		
	Dardo de lume			Laparada			Bola de Lume			Explosión		
	LC1	LC50	LC99	LC1	LC50	LC99	LC1	LC50	LC99	LC1	LC50	LC99
Hipótese 11 Rotura/desacople do brazo de carga/descarga de camións cisterna durante unha carga/descarga de GLP	60^{D} 60^{F}	44^{D} 44^{F}	33^{D} 32^{F}	n.a.	n.a.	64^{D} 96^{F}	--	--	--	n.a.	n.a.	n.a.
Hipótese 12 BLEVE camión cisterna de GLP	--	--	--	--	--	--	212^{D} 212^{F}	143^{D} 143^{F}	89^{D} 89^{F}	99^{D} 99^{F}	99^{D} 99^{F}	99^{D} 99^{F}
Hipótese 14 Ruptura parcial da liña de impulsión do compresor de refrixeración (orificio de diámetro equivalente ao 10% do diámetro nominal)	25^{D} 25^{F}	19^{D} 18^{F}	13^{D} 11^{F}	n.a.	n.a.	24^{D} 29^{F}	--	--	--	n.a.	n.a.	n.a.
Hipótese 15 Ruptura parcial da liña de envío de GLP desde almacenamento a sala de bombas (orificio de diámetro equivalente ao 10% do diámetro nominal)	12^{D} 11^{F}	9^{D} 7^{F}	6^{D} 3^{F}	n.a.	n.a.	8^{D} 10^{F}	--	--	--	n.a.	n.a.	n.a.
Hipótese 17 Ruptura parcial do gasoduto de recepción de GLP desde refinería (orificio de diámetro equivalente ao 10% do diámetro nominal)	20^{D} 19^{F}	15^{D} 13^{F}	11^{D} 8^{F}	n.a.	n.a.	18^{D} 24^{F}	--	--	--	n.a.	n.a.	n.a.

Táboa 43. Alcances vulnerabilidade escenarios identificados en Repsol Butano.

C.I. REPSOL PETRÓLEO

No caso do C.I. Repsol Petróleo, a vulnerabilidade sobre as persoas ocasionada polas hipóteses identificadas calcúlase, para cada un dos efecto producidos, segundo se indica a continuación:

- **Efectos térmicos: incendios de charco, BLEVEs/bolas de lume e dardos de lume.**

  Adoptouse a seguinte ecuación *Probit*:

  $$Pr = -36{,}38 + 2{,}56 \cdot \ln (I^{3/4} \cdot t)$$

  considerando un tempo de exposición de 20 segundos.

  Para a vulnerabilidade por radiación térmica derivada de laparadas, debido á curta duración do fenómeno, considerouse unha vulnerabilidade do 100% de letalidade en aquelas zonas onde as concentracións sexan iguais ou superiores ao límite inferior de inflamabilidade da dispersión inflamable.

- **Efectos mecánicos: ondas de presión e proxección de fragmentos.**

  Considerouse un factor de resposta igual ao 100% de letalidade para aquela distancia respecto ao centro da explosión na que o valor da sobrepresión causada pola explosión é maior de 0,3 bar.

- **Efectos tóxicos: toxicidade das substancias.**

  Adoptouse a seguinte ecuación *Probit*:

  $$Pr = a + b \cdot \ln (C^n \cdot t)$$

  Onde *C* é a concentración, *t* o tempo de exposición ao paso da nube tóxica, e *a, b* e *n* son os parámetros *PROBIT* característicos de cada sustancia, que para o caso do Sulfuro de hidróxeno son os seguintes:

SUSTANCIA	A	B	N
Sulfuro de hidróxeno	-11,5	1	1,9

Táboa 44. Valores parámetros Probit para Sulfuro de hidróxeno

Para os accidentes de dispersión tóxica, a maiores do LD 1% calculado para os efectos térmicos e mecánicos, incluíronse as seguintes distancias:

- Radio LD 0,1% I: alcance da distancia correspondente co 0,1% de letalidade, no interior de edificios cunha taxa de renovación de aire de 1 renovación por hora.
- Radio LD 0,1% II: alcance da distancia correspondente co 0,1% de letalidade, no interior de edificios cunha taxa de renovación de aire de 0,5 renovacións por hora.

Os valores dos limiares para cada un dos casos son os seguintes:

FENÓMENO PERIGOSO	PROBABILIDADE (%)	CONCENTRACIÓN SUBSTANCIA (MG/M^3)
DISPERSIÓN TÓXICA	LD 1	60
	LD 0,1	40

Táboa 45. Dose de radiación por índice de letalidade

Na seguinte táboa, recóllense os alcances (metros) segundo os limiares de letalidade expostos nas táboas anteriores para os diferentes escenarios derivados das hipóteses accidentais consideradas para a instalación.

HIPÓTESE	ALCANCES POR RADICACIÓN TÉRMICA (M)		ALCANCE POR DISPERSIÓN TÓXICA (M)		
	DARDO DE LUME	LAPARADA	DISPERSIÓN TÓXICA		
	LD 1%	LD 1%	LD 1%	LD 0,1% I	LD 0,1% I
PC/686/C-03/H2S Rotura en liña de gas ácido de acumulador de rexeneradora de aminas C-03	5	--	78^{5D} 221^{2F}	59^{5D} 150^{2F}	45^{5D} 102^{2F}
PC/688/C-1/FG+H2S Rotura en liña de aporte de gas ácido a KO drum C-1	6	--	63^{5D} 120^{2F}	40^{5D} 72^{2F}	19^{5D} 36^{2F}
PC/689/K-01/H2+H2S Rotura en liña de descarga de compresor de reciclo K-01.	7	--	41^{5D} 36^{2F}	28^{5D} 26^{2F}	16^{5D} 18^{2F}
PD/451/C-1/PPL Rotura en liña de fondo de splitter C-1	70	97^{5D} 95^{2F}	--	--	--
PD/673/G-V7/GLP Rotura en liña de fondos de acumulador de desbutanizadora G-V7	31	38^{5D} 62^{2F}	--	--	--
PD/673/G-V9/GLP Rotura en liña de fondo de acumulador de splitter C3-C4 G-V9	35	43^{5D} 76^{2F}	--	--	--
PD/677/C-2/GO Rotura en liña de efluente de reactor C-2	62	--	--	--	--
PD/678/C-3/H2S Rotura en liña de gas ácido de acumulador de rexeneradora de aminas C-3	8	--	137^{5D} 210^{2F}	156^{5D} 257^{2F}	72^{5D} 96^{2F}
PQ/621/D-1202/NAFTA Rotura en liña de vapores de acumulador de tope de fraccionadora D-1202	29	48^{5D} 83^{2F}	--	--	--
PC/687/C-03/H2S Rotura en liña de cabeza de stripper 687-C-3	3	--	44^{5D} 62^{2F}	35^{5D} 43^{2F}	29^{5D} 33^{2F}

Táboa 46. Alcances vulnerabilidade escenarios identificados no C.I. Repsol Petróleo, S.A.

3.5.2. DANOS AO MEDIO AMBIENTE

En xeral, a maior parte dos escenarios accidentais definidos correspóndense con incendios e/ou explosións, e en menor medida con dispersións tóxicas, polo que a principal causa de contaminación virá dada polas afectacións á calidade do aire do entorno derivadas da combustión das substancias implicadas, así como pola fuga de substancias tóxicas.

Neste sentido, poderían chegar a darse fenómenos de contaminación dos recursos hídricos (augas fluviais e/ou subterráneas e augas mariñas) e do chan no entorno de afección, dado que as nubes tóxicas poden ser arrastradas aos canais dos ríos e/ou filtradas ao chan polas augas de choiva.

Así mesmo, para o caso dos incendios, as augas de extinción poderían provocar afectación do subsolo da fábrica por fallo do pavimento e/ou vertedura a unha canle pública, ocasionando unha contaminación relativa das augas.

A maiores destes riscos, e aínda que en moi baixa probabilidade, habería que considerar o risco de incendio forestal como consecuencia da expansión dun incendio fora dos límites das instalacións.

No obstante, e coa excepción do litoral mariño, as instalacións non contan na súa contorna máis inmediata con elementos naturais específicos a protexer, máis que a conservación do propio estado no se atopa o mesmo.

En xeral, para todas as instalacións os niveis de risco obtidos na análise da vulnerabilidade ao medio ambiente foron tolerables e baixos, posto que están deseñadas aplicando lexislación, códigos e normas segundo os criterios de seguridade vixentes.

Para estimar a vulnerabilidade sobre o medio ambiente empregouse a metodoloxía recomendada pola Dirección General de Protección Civil "Guía para a realización da análise do risco medioambiental", que se atopa implementada no software CIRMA. De acordo con esta guía, a vulnerabilidade ou risco para o medio ambiente caracterízase cun Índice de Risco Medioambiental (IRM), obtido como o produto dun Índice Global de Consecuencias Medioambientais (IGCM) e unha puntuación de frecuencia.

Con respecto ao IGCM, o método asigna unha puntuación de 1 a 20 a cada situación segundo o nivel de afectación (maior canto máis graves sexan as consecuencias). Para

a súa obtención, débese realizar unha análise de cada un dos compoñentes e factores relevantes do sistema de risco, que se resumen nos seguintes:

- **Fontes de risco.** Este parámetro valora a perigosidade intrínseca da substancia involucrada no suceso e o seu comportamento medioambiental. Valórase tamén a cantidade de substancia que intervén no escenario, que se modifica segundo a capacidade de contención dos sistemas de control.
- **Sistemas de control primario.** Este parámetro valora a existencia de medios (sistemas de detección, cubetos de contención...) ou medidas de control (deseño de planta, definición de prácticas de operación, implantación de sistemas ou programas de xestión da seguridade...) capaces de manter o factor de risco en condicións permanentemente controladas, co fin de preservar o medio ambiente.
- **Sistemas de transporte.** Mediante este parámetro, avalíase o medio de transporte adecuado (atmosfera, auga superficial ou subterránea e solo) entre a substancia perigosa e os receptores vulnerables.
- **Receptores vulnerables.** Con este parámetro, valóranse os receptores vulnerables alcanzados polas consecuencias do suceso, tanto do entorno natural como do socioeconómico.

A partir das puntuacións asignadas a cada parámetro, o IGCM obtense como a suma ponderada das puntuacións asignadas a cada un destes factores.

A tolerabilidade do risco determínase mediante unha matriz de risco de dobre entrada, situándose a frecuencia no eixo de ordenadas e o IGCM no eixo de abscisas.



Figura 20. Matriz de risco para determinar o grao de tolerabilidade do risco

Na matriz correspondente á figura anterior móstranse tres rexións de risco diferenciadas, que se definen como segue:

- **Rexión de risco elevado.** Nesta área deben ser implantadas medidas de redución do risco, independentemente do custo asociado.
- **Rexión ALARP (As Low As Reasonably Practicable – Tan Baixo como sexa Factible).** O risco medioambiental, pese a ser tolerable, debería ser reducido ata os niveis máis baixos que sexan factibles, sen incorrer en custos desproporcionados. O risco considerarase tolerable se reducións maiores do seu nivel fosen impracticables, ou se tan solo se alcanzasen mediante un excesivo custo, esforzo ou tempo.
- **Rexión de risco moderado.** O nivel de riscos desta área é insignificante e é posible que se incorra en excesivos custos se se toman medidas para alcanzar unha maior redución.

EXOLUM

Para coñecer a afectación ao medio ambiente escolléronse como representativos aqueles escenarios accidentais nos que está presente a gasolina e, ademais, aqueles que previsiblemente presenten un maior IRM, ben polas súas consecuencias ou ben pola súa frecuencia.

HIPÓTESE	ICGM		PROB.	IRM	RISCO
	PARÁMETRO	PUNTOS			
2c.GNA/T-014/RP/VMA	Fonte de risco	2,67	2,00	**8,04**	**Moderado**
	Sistemas de control	3,00			
	Sistemas transporte	4,11			
	Receptores vulnerables	2,10			
	IGCM	**4,02**			
6c.GNA/CAMIÓN/RT/VMA	Fonte de risco	2,67	3,00	**12,06**	**Moderado**
	Sistemas de control	3,00			
	Sistemas transporte	4,11			
	Receptores vulnerables	2,10			
	IGCM	**4,02**			
9c.GNA/OEO/RP/VMA	Fonte de risco	3,49	2,00	**6,78**	**Moderado**
	Sistemas de control	0,00			
	Sistemas transporte	4,11			
	Receptores vulnerables	2,10			
	IGCM	**3,39**			

HIPÓTESE	ICGM		PROB.	IRM	RISCO
	PARÁMETRO	PUNTOS			
12b.GNA/C-1/VMA	Fonte de risco	3,49	2,00	**8,88**	**Moderado**
	Sistemas de control	5,00			
	Sistemas transporte	4,11			
	Receptores vulnerables	2,10			
	IGCM	**4,44**			
13c.GNA/URV/VMA	Fonte de risco	3,49	2,00	**8,88**	**Moderado**
	Sistemas de control	5,00			
	Sistemas transporte	4,11			
	Receptores vulnerables	2,10			
	IGCM	**4,44**			

Táboa 47. Resumo da análise de vulnerabilidade sobre o medio ambiente

Para as instalacións de Exolum, e tras a análise da vulnerabilidade medio ambiental, estímase unha afectación con **risco moderado** para cada situación accidental identificada, xa que todos os escenarios atópanse por debaixo da fronteira de separación entre a zona de risco moderado e a zona ALARP.

REPSOL BUTANO

Os GLP non son substancias catalogadas como perigosas para o medio ambiente. No caso dun de derrame de GLP, a vaporización dos produtos non presenta risco de afectación á calidade do aire do entorno.

Por outro lado, a fracción non vaporizada que puidera alcanzar algunha canle pública, augas mariñas ou subterráneas, tampouco presenta un risco de afectación sobre os organismos acuáticos.

Así mesmo, os produtos de combustión destes GLP son, maioritariamente, CO_2, vapor de auga ou trazas de monóxido de carbono, polo que non se prevén consecuencias desfavorables para o medio ambiente en caso de incendio, derrame ou fuga de GLP.

Considerase, polo tanto, para a análise da vulnerabilidade unicamente o etilmercaptano, dado que esta substancia está catalogada como moi perigosa para o medio ambiente acuático (H401/H402), avaliouse a vulnerabilidade para o medio ambiente en caso de perda de contención do tanque de almacenamento.

En relación á **fonte de risco** débense considerar a perigosidade intrínseca do etilmercaptano, o seu comportamento ambiental e a cantidade vertida.

LOGH	LOGBCF	LOGKOW	BD
-2,34	0,503	1,27	3,8

Os **sistemas de control primario** comprenden todos aqueles equipos ou medidas de control capaces de manter o factor de risco en condicións permanentemente controladas, co fin de preservar o medio ambiente.

MASA INVOLUCRADA (KG)	DISPÓN DE CUBETO/FUGA CONFINADA
239,97	Si/Si

Os **sistemas de transporte** (aire, auga superficial, auga subterránea e solo) son os medios que permiten o contacto entre o factor de risco e os receptores vulnerables e que inflúen na magnitude da posible afectación.

MEDIO	EXTENSIÓN
Acuático	Dentro dos límites do establecemento

Os **receptores vulnerables** pertencen ao entorno natural e socioeconómico. Valóranse as consecuencias sobre os distintos medios afectados.

TIPO DE HÁBITAT	FACTORES CONDICIONANTES
J2	Non espazos protexidos Non patrimonio artístico Reversibilidade do dano: días

O método seguido, permite a obtención dun Índice Global de Consecuencias Medioambientais (IGCM), que outorga unha puntuación de 1 a 10 segundo o nivel de afectación. A obtención deste índice baséase na avaliación e parametrización das catro compoñentes do sistema de risco presentados anteriormente, asignando as puntuacións recollidas na guía para cada parámetro a considerar.

CÓDIGO	DESCRICIÓN	INSTALACIÓN	SUBSTANCIA	ACCIDENTE FINAL	MASA INVOLUCRADA (KG)	FRECUENCIA(A^{-1})	FR	SCP	ST	RV	IGCM	IRM	VALORACIÓN
H18	Fuga de etilmercaptano por orificio de 10 mm no depósito	Zona de odorización	Etilmercaptano	Vertedura	239,97	$1{\cdot}10^{-4}$	1,75	1	1	2,10	1,95	7,80	**Risco ALARP***

Táboa 48. Cálculo do Índice Global de Consecuencias Medioambientais (IGCM) e do Índice de Risco Medioambiental (IRM) para Repsol Butano.

**Rexión ALARP (As low as reasonably practicable). O risco medioambiental delimitado por esta rexión, pese a ser tolerable, debería ser reducido ata os niveis máis baixos que sexa factible, sen incorrer en custos desproporcionados. O risco sería únicamente tolerable se reducións maiores do seu nivel fosen impracticables, ou tan so se alcanzasen mediante un excesivo custo, esforzo ou tempo*

3.5.3. DANOS AOS BENS

Os elementos vulnerables situados nas zonas obxecto de planificación: núcleos de poboación, rúas, instalacións industriais, colexios, centros e instalacións deportivas, elementos vulnerables de carácter natural ou histórico, etc. relaciónanse no Anexo 2.

4. DEFINICIÓN E PLANIFICACIÓN DAS MEDIDAS DE PROTECCIÓN

Defínense neste capítulo as estratexias básicas a poñer en marcha en caso de accidente grave nas instalacións incluídas no presente PEE.

As decisións tomaranse pola Dirección da Emerxencia tendo en conta a magnitude do fenómeno perigoso, en base aos cálculos dos riscos modelados e á situación particular no momento do accidente. Deberán considerarse, de cara á prevención dos danos sobre o entorno, os radios de alerta e intervención expostos neste PEE, aínda que as condicións meteorolóxicas particulares no momento do accidente puideran minimizar as consecuencias, dado que estas poden cambiar co tempo.

Defínense como medidas de protección os procedementos, actuacións e medios previstos coa finalidade de evitar e/ou atenuar as consecuencias, inmediatas ou diferidas, dos accidentes graves para a poboación, o persoal dos Grupos Operativos, as propias instalacións afectadas, o medio ambiente e os bens materiais.

As medidas de protección seleccionaranse en función da súa eficacia para mitigar ou prever os efectos adversos dos accidentes considerados no presente PEE, e de acordo coas zonas de planificación establecidas para cada un deles.

4.1. MEDIDAS DE PROTECCIÓN Á POBOACIÓN

Nos seguintes apartados descríbense as medidas de protección destinadas á poboación, coa finalidade de paliar, dentro do posible, as consecuencias dos accidentes sobre a mesma.

4.1.1. AVISOS Á POBOACIÓN

Os avisos á poboación teñen como finalidade alertala e informala sobre as actuacións máis convenientes en cada situación, tanto as actuacións de carácter preventivo para evitar unha situación de emerxencia como as medidas de protección no momento de producirse un accidente.

O nivel de información á poboación dependerá da categoría do accidente e da súa finalidade concreta.

Durante o tempo que dure o accidente, daranse avisos periódicos á poboación afectada ou previsiblemente afectada, segundo as zonas de planificación definidas no presente PEE, así como en aqueles outros puntos que se consideren necesarios en función da evolución da emerxencia.

Deben elaborarse os comunicados, instrucións e recomendacións coa finalidade de contribuír á autoprotección da poboación, coa finalidade de evitar situacións de pánico así como comportamentos negativos.

SISTEMAS DE AVISO

O sistema primario de avisos á poboación (a poñer en marcha en caso de accidente grave provocado polos escenarios avaliados neste PEE) consistirá en sirenas electrónicas, controladas tanto en local como a través dun sistema remoto instalado no CIAE 112-GALICIA.

Para o presente PEE existen dúas sirenas cuxa localización de indica na seguinte táboa:

SIRENA	LOCALIZACIÓN	COORDENADAS	
		X	Y
Sirena 1	Estrada de Bens	545.512,81	4.800.157,67
Sirena 2	Campos fútbol Meicende	544.599,3	4.799.468,2

Táboa 49. Localización sirenas aviso á poboación PEE A Grela-Bens



Figura 21. Localización das sirenas de aviso á poboación

Como sistema secundario empregarase, cando a situación o aconselle, a megafonía da Garda Civil, das Policías Locais de A Coruña e Arteixo e das Agrupacións de Voluntarios de Protección Civil, cando a situación o aconselle.

Así mesmo, activarase o protocolo ES-Alert para o envío de alertas á poboación que se atope na zona afectada pola emerxencia. Mediante esta ferramenta, enviaranse mensaxes de alerta xeneralizados e inmediatos, así como as instrucións a seguir, aos teléfonos móbiles localizados dentro da área afectada polo accidente.

Por outro lado, débese prever a posibilidade de dirixirse á poboación mediante emisoras de radio e, no seu caso, de televisión. Ao través das campañas de divulgación previstas na implantación do plan informarase á poboación da relación das citadas emisoras e das súas correspondentes frecuencias.

CONTROL DE ACCESOS

O control de accesos, tanto de persoas como de vehículos, debe realizarse nas zonas de planificación de forma que non se entorpezan os traballos dos diferentes Grupos Operativos que se atopan actuando nas devanditas zonas. Pode ser tamén necesario o

control e reordenación do tráfico en zonas adxacentes, co obxecto de facilitar a chegada de novos recursos.

Os obxectivos xerais del control de accesos son, por unha parte, evitar a entrada de persoas alleas á xestión da emerxencia dentro das zonas de afección e por outro lado, despexar as vías de acceso ao sinistro, facilitando a entrada dos servizos de emerxencia e a saída cara as zonas seguras de aquelas persoas que no momento da emerxencia se atopen nas zonas de risco.

Como norma xeral, este control debe ser realizado polos membros dos diferentes corpos e forzas de seguridade (Garda Civil e Policías Locais de A Coruña e Arteixo), sen descartar que, en caso de ser necesario, poidan ser asignadas determinadas funcións a membros das Agrupacións de Voluntarios de Protección Civil.

As vías a controlar serán as que seguen:

VÍA DE COMUNICACIÓN	DISTANCIA/DIRECCIÓN
Avda. Fisterra (AC-415)	Atravesa o polígono (entre as instalacións de C.I. Repsol Petróleo, S.A. e Exolum)
Estrada A Coruña - Arteixo (AC-552)	900 m/SE
Autoestrada A Coruña - Carballo (AG-55)	900 m/SE
Autovía A Coruña - Madrid (A6)	5.000 m/SO
Autoestrada Ferrol - Tui (AP-9)	3.500 m/SE
Autovía de acceso a A Coruña (AC-14)	1.500 m/SE
Terceira Rolda (V-14)	100 m/E
Autovía acceso ao Porto Exterior (AC-15)	300 m/O

Táboa 50. Vías de comunicación controladas en caso de accidente

A relación de vías a controlar non é exhaustiva e, en función da emerxencia, controlaranse aquelas vías que sexa necesario e que se determine desde á coordinación da emerxencia.

Os manuais dos grupos operativos incluirán as medidas concretas a tomar en cada unha das vías en función dos accidentes previstos. A actualización do manual será responsabilidade do grupo correspondente.

4.1.2. CONFINAMENTO

O confinamento consiste no refuxio da poboación nos seus propios domicilios ou noutros edificios, recintos ou habitáculos próximos, no momento de anunciarse a adopción da medida mediante o sistema de alerta.

Mediante o confinamento, a poboación queda protexida da sobrepresión, do impacto de proxectís consecuencia de posibles estoupidos, do fluxo de radiación térmica, en caso de incendio, e do grao de toxicidade.

Dado o alcance e o tipo de accidentes definidos, o confinamento aplicarase como medida principal nos núcleos de poboación próximos ás instalacións incluídas neste Plan, quedando as operacións de afastamento e/ou evacuación limitadas a posibles vehículos e peóns que se atopen nas vías de comunicación lindeiros coa planta e no interior da zona limitada polos controis de acceso establecidos.

Esta medida debe complementarse coas chamadas medidas de autoprotección persoal, definidas como aquelas medidas sinxelas que poden ser levadas á práctica pola propia poboación.

A maiores, recoméndase o afastamento e posterior confinamento en estruturas seguras, de aquelas persoas que previsiblemente poidan atoparse realizando algún tipo de actividade ao aire libre.

Os equipamentos, instalacións ou centros de pública concorrencia que se atopen situados dentro das zonas de afectación deben de elaborar o seu correspondente plan de autoprotección.

4.1.3. AFASTAMENTO

O afastamento consiste no traslado da poboación desde posicións expostas cara lugares seguros utilizando os seus propios medios. Este tipo de medida é aconsellable cando se produzan efectos daniños para as poboacións citadas.

O afastamento atópase xustificado cando o fenómeno perigoso atenúase ben pola distancia ou ben pola interposición de obstáculos a súa propagación. Presenta a vantaxe respecto da evacuación de que que o traslado faise cos propios medios da poboación e a poboación trasladada é moi inferior.

Débese aplicar unicamente cando as zonas a planificar poidan estar dentro da zona de intervención, se dispoña do tempo suficiente e o traslado da poboación polos seus propios medios non supoña ningún risco suplementario ao risco xa existente.

O Director do Plan, asesorado polo Posto de Mando Avanzado, determinará a conveniencia e utilidade do afastamento da poboación e os lugares seguros cara onde a poboación debe dirixirse, así como as vías de afastamento dispoñibles.

As vías de afastamento débense controlar para canalizar o tráfico, evitando así un caos circulatorio.

4.1.4. EVACUACIÓN

A evacuación consiste no traslado masivo da poboación que se atopa na Zona de Intervención cara zonas seguras, lugares de refuxio ou illamento, por medios públicos organizados fundamentalmente polo Grupo Loxístico e de Seguridade.

Trátase dunha medida definitiva, que se xustifica unicamente se o perigo ao que está exposta a poboación é suficientemente grande.

Débese ter en conta que a evacuación pode resultar contraproducente en casos de dispersión de gases tóxicos, cando as persoas son evacuadas durante o paso do penacho tóxico, xa que poderían estar sometidas a concentracións maiores das que recibirían de permanecer nas súas residencias habituais. Esta medida debe contemplarse naqueles casos nos que se prevexa un agravamento das condicións durante un período de tempo prolongado.

4.1.5. MEDIDAS A ADOPTAR EN FUNCIÓN DO TIPO DE ACCIDENTE

En función da evolución da emerxencia, a dirección do Plan establecerá en cada momento a medida de protección á poboación a adoptar. Non obstante, a continuación resúmense as primeiras medidas de protección recomendadas en función dos distintos tipos de fenómenos perigosos que poden presentarse.

RADIACIÓN TÉRMICA

ACTUACIÓNS	ZONA DE INTERVENCIÓN	ZONA DE ALERTA
Control de accesos	En toda a Zona de Intervención	En toda a Zona de Alerta
Confinamento	**Sempre en construcións seguras, manténdose o máis lonxe posible de portas e xanelas.** **Aconsellable en caso de que o incendio produza gases tóxicos na zona afectada pola nube.**	En toda a Zona de Alerta
Afastamento	Afastamento progresivo de aquelas persoas máis directamente expostas á radiación.	Non procede
Evacuación	Non procede	Non procede

Táboa 51. Medidas de protección á poboación recomendadas para o caso de radiación térmica

SOBREPRESIÓN

En caso de que sexa previsible unha explosión, adoptaranse as seguintes medidas:

ACTUACIÓNS	ZONA DE INTERVENCIÓN	ZONA DE ALERTA
Control de accesos	En toda a Zona de Intervención	En toda a Zona de Alerta
Confinamento	**Sempre en construcións seguras, manténdose o máis lonxe posible de portas e xanelas.**	O confinamento é procedente. Existe a posibilidade de rotura de vidros. É aconsellable manterse afastado de xanelas e de calquera tipo de paramento débil.
Afastamento	Aconsellable o afastamento cara zonas e/ou estruturas seguras, a cuberto da proxección de fragmentos.	Non procede
Evacuación	Non procede	Non procede

Táboa 52. Medidas de protección á poboación recomendadas para o caso de sobrepresión

CONCENTRACIÓN TÓXICA

ACTUACIÓNS	ZONA DE INTERVENCIÓN	ZONA DE ALERTA
Control de accesos	En toda a Zona de Intervención	En toda a Zona de Alerta
Confinamento	**Procede en toda a zona salvo aqueles casos nos que non sexa aconsellable.**	Procede en todos os casos, posto que non se alcanzan doses tóxicas no interior dos edificios cando a concentración exterior é inferior á do AEGL.
Afastamento	Pode ser aconsellable en centros localizados na dirección do penacho e para colectivos sensibles (nenos, anciáns, etc.), situados nas proximidades do accidente no caso de: - Preverse tempos de exposición maiores de 30 minutos, e - O afastamento pode levarse a cabo no sentido transversal ao penacho	Non procede
Evacuación	Non procede	Non procede

Táboa 53. Medidas de protección á poboación recomendadas para o caso de concentración tóxica

4.1.6. MEDIDAS DE AUTOPROTECCIÓN PERSOAL

Enténdese por autoprotección persoal o conxunto de actuacións e medidas, xeralmente ao alcance de calquera cidadán, cuxa finalidade é contrarrestar os efectos adversos dun posible accidente.

A poboación afectada debe familiarizarse coas medidas de protección das que é destinataria, polo que é necesario que teña un coñecemento suficiente das mesmas.

En concreto, aplicaranse as medidas establecidas no *"Manual de Prevención do Risco Químico en Galicia"*, que serán adaptadas á situación específica e informadas aos posibles afectados durante a fase de implantación do Plan.

No Anexo 9, achégase copia do citado *"Manual de Prevención do Risco Químico en Galicia"*.

4.2. MEDIDAS DE PROTECCIÓN AO MEDIO AMBIENTE

No caso de producirse algún dos accidentes estudados neste plan haberá de realizarse o seguimento do estado do entorno cos medios de control existentes. As actuacións que se

listan a continuación están indicadas para escapes e derrames das substancias identificadas.

MEDIDAS XERAIS

- Control dos niveis de concentración de tóxicos e inflamables na atmosfera.
- Control do correcto tratamento das augas de extinción, é dicir, dos líquidos empregados na actuación para mitigar as consecuencias do accidente (auga, escuma, etc.).
- Control do estado do solo, xa que pode sufrir agresións ou efectos a medio prazo en caso de derrame de produto.

DERRAME NO TERRENO, FORA DOS CUBETOS

- Construción de diques ou barreiras mediante terra, area ou outros materiais, ou escavando gabias ou fosos para conter o produto derramado.
- Succión do produto derramado mediante bombeo.
- Desprazamento mecánico da terra contaminada e de calquera residuo mediante palas, máquinas explanadoras, tractores, etc.
- Os produtos químicos poden chegar a filtrarse no solo. Se existisen dúbidas a este respecto, será preciso controlar fontes, pozos e minas de auga na zona.

En todo caso e, en función da emerxencia e da súa evolución, as medidas serán definidas polo Grupo de Seguimento e Avaliación

5. ESTRUTURA E ORGANIZACIÓN

5.1. ESQUEMA ORGANIZATIVO

O presente PEE organízase considerando á dirección xeral do mesmo como máximo órgano para a toma de decisións (integrado polo director do PEE e un comité asesor).

Por outra parte, establece grupos específicos para asumir as tarefas de coordinación da emerxencia, comunicación aos afectados, comunicacións internas durante a emerxencia e a intervención, etc., coa localización e funcións que se describen nos apartados que seguen.

En calquera caso, debe considerarse que os responsables mencionados neste documento poderán delegar noutros cargos as súas tarefas, en función da dispoñibilidade de cada un e das necesidades que se presenten. Do mesmo modo tamén poderán ser relevados ou substituídos das mesmas polo director do plan.

5.2. DIRECCIÓN DO PLAN

A Dirección do PEE recaerá na persoa titular da Dirección Xeral con competencias en materia de emerxencias, salvo no caso de declaración de interese nacional, situación na que compartirá a dirección cun representante designado polo Ministerio do Interior.

Neste sentido, e tal e como se establece no artigo 5.5 do RD 1070/2012, de 13 de xullo, polo que se aproba o Plan estatal de protección civil ante o risco químico, cando a emerxencia reúna as características establecidas na Norma Básica de Protección Civil, a persoa titular do Ministerio do Interior poderá declarar a Emerxencia Química de interese nacional por iniciativa propia ou a instancias de:

- Persoa titular da Consellería competente en materia de Emerxencias.
- Persoa titular da Delegación do Goberno en Galicia.

A declaración da emerxencia de interese nacional será inmediatamente comunicada á persoa titular da Consellería competente en materia de Protección Civil e á persoa titular da Delegación do Goberno en Galicia, á/ao Xeneral Xefe da Unidade Militar de Emerxencias e ao Centro Nacional de Xestión de Situacións de Crise do Departamento de Infraestrutura e Seguimento de Situacións de Crise.

As funcións da Dirección do Plan son as seguintes:

- Declarar a activación e aplicación do PEE e, en consecuencia, consultar e/ou convocar ao Comité Asesor, se procede, e decidir a constitución do CECOP.
- Decidir, en cada momento e co consello do Comité Asesor, as actuacións máis convenientes para facer fronte á emerxencia, así como a aplicación das medidas de protección á poboación, ao medio, aos bens e ao persoal adscrito ao Plan.
- Determinar e coordinar, ao través do Gabinete de Información, a información á poboación durante a emerxencia, así como a información oficial aos medios de comunicación e ás distintas entidades administrativas, asegurando que a información é accesible e comprensible para as persoas con discapacidade e outros colectivos en situación de vulnerabilidade.
- Manter contacto cos titulares das alcaldías dos concellos afectados e coordinar con eles as actuacións en cada termo municipal.
- Designar representantes públicos e privados nos distintos órganos cando estes non formen parte orixinalmente dos mesmos.
- Designar substitutos de aqueles membros dos distintos órganos do plan que non poidan estar dispoñibles no caso de activación do mesmo.
- Declarar o fin da situación de emerxencia e desactivar o Plan.

5.3. COMITÉ ASESOR

Para asesorar e asistir á Dirección do Plan, especialmente nos aspectos de dirección e supervisión para a xestión da emerxencia, establecerase un Comité Asesor no que se incorporarán os seguintes membros:

- Persoa titular da Subdirección Xeral en materia de emerxencias.
- Persoa titular da Delegación Territorial da Xunta de Galicia en A Coruña.
- Representante designado pola Delegación do Goberno en Galicia.
- Representante designado pola Subdelegación do Goberno de A Coruña.
- Representantes designados polos concellos de A Coruña e Arteixo.
- Representantes designados polos establecementos afectados (Exolum, Repsol Butano. e C.I. Repsol Petróleo).
- Representante da Axencia Galega de Emerxencias.

- Representante da Fundación Urxencias Sanitarias Galicia – 061.
- Representantes das Consellerías con competencias en materia de Medio Ambiente, Sanidade e Industria.

A activación de todos os membros do Comité Asesor ou de solo unha parte, dependerá do tipo de accidente e do seu alcance. O Comité Asesor deberá estar en contacto permanente co CECOP, podendo reunirse fisicamente ou mediante o emprego de medios virtuais. Así mesmo, a Dirección do Plan poderá convocar a representantes doutras entidades públicas e privadas que puideran resultar de utilidade para a resolución do accidente ou ben para garantir a eficacia do PEE.

As funcións principais do Comité Asesor son:

- Analizar e valorar as situacións da emerxencia.
- Asistir á Dirección do Plan sobre a posible evolución da emerxencia, as súas consecuencias, medidas a adoptar e medios necesarios a empregar en cada momento.

5.4. CENTROS DE COORDINACIÓN

5.4.1. CECOP (Centro de Coordinación Operativa)

No Centro de Coordinación Operativa (CECOP) do PEE exércense as funcións de comunicación e centralización da información, realízase a coordinación de todas as operacións, a xestión de todos os medios e transmítense as decisións a aplicar, así como as accións necesarias para manter en contacto directo á Dirección do Plan con outros centros de control que puidesen existir.

Na organización e procedementos de actuación teranse en conta as necesidades das persoas con discapacidade e outros grupos en situación de vulnerabilidade.

Instalarase preferiblemente nas instalacións do CENTRO INTEGRADO DE ATENCIÓN ÁS EMERXENCIAS-112 (CIAE-112), sen prexuízo da utilización de outros centros de coordinación (CECOPAL, Sala de Crise do Goberno da Xunta de Galicia, etc.). A xuízo da Dirección do Plan, poderá situarse noutras localizacións alternativas, máis próximas ao lugar da emerxencia.

No CIAE-112 tamén se instalará o CECOPI (Centro de Coordinación Operativa Integrado) en caso de terse declarado unha situación de interese nacional, nomeando aos correspondentes representantes do Goberno estatal cando así proceda.

5.4.2. CECOPAL (Centro de Coordinación Operativa Municipal)

Tamén se considerarán como Centros de Coordinación o Centro de Coordinación Municipal (CECOPAL) do concello de A Coruña e o CECOPAL do concello de Arteixo, que estarán en contacto co CECOP(I) para executar as medidas necesarias de forma conxunta.

5.4.3. SACOP (Sala de Control de Operacións)

O SACOP atópase baixo a dependencia directa dun coordinador nomeado pola Dirección do Plan, que pode ser tamén membro do Comité Asesor, e formará parte do mesmo o Técnico de Garda do sistema integrado de atención ás emerxencias de Galicia.

Localizarase no CECOP, nas instalación do CIAE-112, e será o lugar desde o que se mobilizan medios e recursos.

O SACOP pode asesorar con cálculos de consecuencias e vulnerabilidade, datos de substancias perigosas, cartografía, Catálogo de Medios e Recursos de Protección Civil da Comunidade Autónoma de Galicia, así como de información propia do PEE e dos Plans de Actuación Municipal.

5.4.4. CETRA (Centro de Transmisións)

O CETRA depende operativamente da Axencia Galega de Emerxencias e sitúase nas instalacións do CIAE-112. Constitúe o núcleo ao través do cal se canalizan todas as transmisións necesarias durante a activación do Plan. Dispón de medios de comunicación de voz e datos en sistema de telefonía (fixo e móbil), mensaxería (telefónica e privada), radio e informática, con posibilidade de conmutación dos sistemas telefónicos, radio e informático.

Estará comunicado, como mínimo, mediante dous sistemas, aos establecementos, bombeiros, persoal sanitario da Xunta de Galicia, Unidade de Policía Autonómica, CECOPAL, Forzas e Corpos de Seguridade do Estado, Delegación Territorial de AEMET en Galicia, PMA, Módulos Móbiles de Comunicación da Xunta de Galicia e outros sistemas de comunicación.

Así mesmo, o CETRA é o encargado de establecer e garantir as comunicacións entre os distintos centros operativos establecidos no PEE.

5.5. POSTO DE MANDO AVANZADO

O Posto de Mando Avanzado (PMA) ten como finalidade dirixir e coordinar as actuacións dos medios e recursos que interveñen no lugar da emerxencia, funcionando como centro de coordinación *in situ* dos traballos dos Grupos Operativos e estando en comunicación permanente coa Dirección do Plan a través do CIAE-112. Estará formado polos xefes ou responsables dos Grupos Operativos e de aqueles organismos ou entidades cuxas actuacións sexan decisivas para a consecución dos obxectivos.

A xefatura do PMA será asumida en primeira instancia pola persoa de maior rango do Grupo de Intervención que chegue ao lugar do sinistro. Con posterioridade, a Dirección do Plan, en coordinación coa Axencia Galega de Emerxencias indicará quen deberá asumir a citada xefatura, así como a localización inicial do mesmo sobre o terreo.

Como normal xeral, o PMA constituirase nas instalacións do Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento do concello de A Coruña.

É importante sinalar que o PMA debe estar nun lugar seguro, polo que a situación do Posto de Mando Avanzado dependerá das características do sinistro e da posibilidade de acceder ao mesmo sen adoptar riscos innecesarios, prestando especial atención aos radios estimados para as zonas de intervención e alerta así como as condicións meteorolóxicas e as súas posibles variacións.

5.6. GABINETE DE INFORMACIÓN

Dependendo directamente da Dirección do Plan de Emerxencia Exterior, constituirase o Gabinete de Información. Ao través do mesmo canalizarase toda a información oficial á poboación e aos medios de comunicación durante a emerxencia.

O Gabinete de Información estará dirixido polo responsable do Gabinete de Prensa da Consellería con competencias en materia de emerxencias, participando así mesmo os Representantes dos seguintes Gabinetes de Prensa:

- da Delegación do Goberno en Galicia (en caso de constituírse o CECOPI).
- dos concellos de A Coruña e Arteixo.

- Dos establecementos incluídos no PEE (Exolum, Repsol Butano. e C.I Repsol Petróleo).

As súas misións básicas serán:

- Difundir as ordes, consignas e recomendacións ditadas pola Dirección do PEE, a través dos medios de comunicación social que se designen a estes efectos.
- Centralizar, coordinar e preparar a información xeral sobre a emerxencia, de acordo co Director do PEE, e facilitárllela aos medios de comunicación social.
- Informar sobre a emerxencia a cantas persoas ou organismos o soliciten.
- Obter, centralizar e facilitar toda a información relativa aos posibles afectados, facilitando os contactos familiares e a localización de persoas. Cando a tarefa informativa vaia dirixida a vítimas con discapacidade, levarase a cabo tendo en conta as adaptacións necesarias e, no seu caso, coa axuda de persoal especializado.

Poderá reunirse fisicamente ou utilizando medios virtuais. Para o desenvolvemento das súas funcións en relación á adopción de medidas de información á poboación, poderá solicitar o apoio de persoal adicional que poida asesorar ao mesmo, incluído o Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE).

5.7. GRUPOS OPERATIVOS

Para o desenvolvemento e execución das actuacións previstas, o PEE contemplará a organización de Grupos Operativos. Defínese como Grupos Operativos o conxunto de servizos e persoas que interveñen no lugar da emerxencia e executan as actuacións de protección, intervención, socorro, análise e reparación previstas neste PEE de forma coordinada fronte á emerxencia.

Para desenvolver as actuacións previstas neste plan, defínense os seguintes Grupos Operativos, cunhas responsabilidades e actuacións claramente definidas para cada un deles:

- Grupo de Intervención
- Grupo de Seguimento e Avaliación
- Grupo Sanitario
